



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 129

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 14 de marzo de 2012

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único:

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia 08/DEBA-0003 (78346)

Publicación, BOPG núm. 646, do 23.02.2012

Retómase a sesión ás seis da tarde.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

A señora presidenta comunícalle á Cámara o modo no que se vai desenvolver o debate sobre as propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios. (Páx. 5.)

O señor secretario (Balseiro Orol) dá lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución. (Páx. 5.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensas das súas propostas de resolución: *Sra. Bouza Santiago (BNG)* (Páx. 5.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 11.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 17.)

O señor presidente (Santalices Vieira) suspende a sesión por un tempo máximo de quince minutos. (Páx. 19.)

Suspéndese a sesión ás dezanove horas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás vinte e unha horas da noite. (Páx. 23.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto das propostas de resolución dos demais grupos: *Sra. Bouza Santiago (BNG)* (Páx. 24.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 25.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 27.)

Votación das propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución pertencentes ao G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

A señora presidenta comunica que se vai proceder á votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, comezando polas transaccións efectuadas. (Páx. 30.)

Votación das transaccións sobre as propostas de resolución número 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, número 39 do G. P. dos Socialistas de Galicia e número 29 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por unanimidade, con 74 votos a favor.* (Páx. 30.)

Votación da transacción sobre a proposta número 78 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa número 283 do G. P. dos Socialistas de Galicia e a número 38 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por unanimidade, con 74 votos a favor.* (Páx. 30.)

Votación conxunta da transacción sobre as propostas de resolución número 63 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a número 19 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa número 240 do G. P. dos Socialistas de Galicia, a número 218 do G. P. dos Socialistas de Galicia, a número 84 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e as números 260 e 266 do G. P. dos Socialistas de Galicia e a número 267 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 30.)

Votación da proposta de resolución número 5 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por unanimidade, con 73 votos a favor.* (Páx. 31.)

Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego números 3, 6, 7, 9, 14, 15, 17, 38, 39, 52 e 69: *rexeitadas por 12 votos a favor, 38 en contra e 24 abstencións.* (Páx. 31.)

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Votación das propostas de resolución pertencentes ao G. P. dos Socialistas de Galicia.

A señora presidenta comunica que se vai proceder á votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia, comezando polas transaccións efectuadas. (Páx. 31.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 32 do G. P. Popular de Galicia coa número 83 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Votación das transaccións sobre as propostas de resolución números 47, 299, 35, 258, 91 e 242 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por unanimidade, con 74 votos a favor.* (Páx. 31.)

Votación da proposta de resolución número 53 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 62 votos a favor e 12 abstencións.* (Páx. 32.)

Votación da proposta de resolución número 54 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación das propostas de resolución números 3, 9, 42, 43, 44, 49, 59, 69, 77, 88, 134, 160, 162, 163, 186, 199, 254, 267, 269 e 293 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por unanimidade, con 74 votos a favor.* (Páx. 32.)

Votación das propostas de resolución números 30 e 130 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por 62 votos a favor e 12 abstencións.* (Páx. 32.)

Votación da proposta de resolución número 33 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación das propostas de resolución números 55, 83 e 76 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 24 votos a favor, 50 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación da proposta de resolución número 84 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación das propostas de resolución números 28, 52, 53, 58, 61, 82, 116, 128, 135, 168, 185, 284, 250 e 99 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 24 votos a favor, 38 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 32.)

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación das propostas de resolución pertencentes ao G. P. Popular de Galicia.

A señora presidenta comunica que se vai proceder á votación das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia, comezando polas transacción efectuadas. (Páx. 33.)

Votación da transacción co G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 27 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación das propostas de resolución números 4, 7, 21, 23, 25, 46 e 47 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 62 votos a favor e 12 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación das propostas de resolución números 3 e 19 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 50 votos a favor e 24 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor, 24 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación das propostas de resolución números 2, 10, 13, 14, 16, 17, 18, 20, 24, 26, 28, 43, 45 e 48 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 38 votos a favor, 12 en contra e 24 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación das propostas de resolución números 11, 12, 34, 36 e 37 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación das propostas de resolución números 8 e 9 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por unanimidade, con 74 votos a favor.* (Páx. 34.)

Votación das propostas de resolución números 5, 30, 31 e 42 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 38 votos a favor e 36 abstencións.* (Páx. 34.)

Votación da proposta de resolución número 39 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 50 votos a favor, 24 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 62 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Remata a sesión ás dez da noite.

Retómase a sesión ás seis da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boa tarde, señorías.

Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

A señora PRESIDENTA: Boa tarde, señorías.

Reiniciamos a sesión co debate e votación das propostas de resolución.

En primeiro lugar, concédeselle a palabra ao secretario da Cámara para que dea lectura ao acordo da Mesa sobre as propostas de resolución admitidas pola Mesa.

Ten a palabra o señor secretario.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Grazas, señora presidenta.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 14 de marzo de 2012, logo de examinadas as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate da política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2012 e tendo en conta a ordenación do debate e os criterios de cualificación aprobados pola Mesa do Parlamento e a Xunta de Portavoces do 29 de febreiro de 2012, e o disposto nos artigos 48 da Lei reguladora da Xunta e da súa Presidencia e 141 do Regulamento da Cámara, adoptou o seguinte acordo:

“Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento número 79351.

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 100 propostas de resolución.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, documento número 79350, con corrección de erros no documento número 79360.

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 301 propostas de resolución.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, documento número 79352.

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 48 propostas de resolución.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2012.”

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Comezamos, pois, co debate e votación das propostas de resolución presentadas e admitidas a trámite.

En primeiro lugar, a rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das propostas de cada un dos grupos.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora dona Ana Luisa Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías. Boas tardes, presidente.

Vostede iniciou onte a súa intervención declarando que a situación de Galiza require unha acción política histórica, e o BNG concorda con vostede. Anunciou tamén que a saída da crise depende da capacidade de iniciativa dos seus dirixentes, e efectivamente tamén niso o BNG concorda con vostedes.

Chegaron vostedes ao Goberno galego montados no caba-lo da crise, comprometendo que tiñan solucións para Galiza. Logo de tres anos de xestión, ou de falta de xestión, vén a esta comparecencia sen nada que mostrar. ¿Que fica do seu contrato coa cidadanía, señor Feijóo? Non hai máis traballo, non hai máis benestar, non hai máis muíños de vento, non hai máis sanidade, porque cando vostedes falan de facer máis con menos, a cidadanía sabe a que se refiren: menos gasto sanitario, máis listas de espera; menos investimento en I+D+i, máis emigración xuvenil; menos recursos para dependencia, máis persoas agardando ser atendidas.

Galiza está mal, señor presidente. Decía onte vostede: Galiza está mal. É vostede o responsable de diagnosticar correctamente, é vostede o responsable de facer un pronóstico certo, e sobre todo é vostede responsable de prescribir unha terapia útil para que Galiza recupere a saúde, para que o país recupere a saúde. Logo de tres anos, vostede ten aquí un país na UCI, que non só non recuperou a súa doenza, agravouse. Non vén vostede aquí a cambiar ningunha terapia. Vén propoñer máis do mesmo. Galiza na UCI e vostede receita paracetamol, señor presidente.

Por terceiro ano nesta lexislatura o BNG trae propostas de resolución a debater a este Pleno. Desta volta, 100 iniciativas que conforman o que nós pensamos que é unha alternativa ante a súa falta de propostas útiles a este país. Temos que admitir, señor presidente, que non temos moita esperanza de que as teña en consideración. Moitas delas foron xa propostas neste Pleno e non contaron co apoio do seu grupo. Tampouco temos fe en que, se acaso fora admitida algunhas delas, se leve adiante. Os compromisos parlamentares son papel mollado para o Partido Popular. Téñeno demostrado durante toda a lexislatura. Demostrárono coas propostas aprobadas no pasado Pleno do estado da Nación: 16 do BNG foron aprobadas, nin unha foi cumprida.

Non sei se lembran que aprobamos, señorías, construír a unidade de saúde mental do hospital da Barbanza e dotar a este hospital de celadores. Nin unidade de saúde mental nin celadores. Claro que estabamos na precampaña das eleccións municipais e vostedes tiñan un candidato á alcaldía de Ribeira, ¿verdade, señor presidente?

Porén, malia a nosa falta de esperanza de que escoiten, malia a nosa falta de fe en que cumpran os compromisos, nós teimamos e traemos 100 propostas de resolución, 100 medidas concretas e ambiciosas coas que queremos explicar máis unha vez nesta Cámara, pero sobre todo coas que queremos facer chegar á cidadanía que hai alternativa, que non é verdade que vostedes fan todo o que poden facer, e non é verdade que fan o único que se pode facer.

Anunciou onte, señor presidente, que se tiña desbloqueado a paralización na que estaban as transferencias de competencias. O BNG cremos que o autogoberno é unha ferramenta imprescindible para saír da crise, unha ferramenta para unha

saída galega á crise que estamos a vivir, e por iso facémolles propostas neste sentido.

Non son, señorías, nada novidosas. Non lle imos pedir, señor Feijóo, que cumpra a súa palabra de traer á Cámara un texto de reforma do Estatuto. Sabemos o pouco valor que ten a súa palabra. Onte xa deu a escusa: total, non se vai chegar a acordos. ¿Para que —é verdade—, para que esforzarse en cumprir a palabra?

Reclame as transferencias que contan co acordo unánime do Parlamento galego. Traballe para completar o despregue dunha Policía galega para desenvolver unha competencia que xa temos, evitar dualidades, evitar externalizacións, unha medida, señorías, de verdadeira austeridade.

Reclame transferencias que melloran a nosa capacidade de actuar na creación de emprego estable, o Inem, lexislación laboral, a inspección do traballo.

Reclame, señor presidente, a transferencia de tráfico, a transferencia da xestión aeroportuaria, de salvamento marítimo, dos portos de interese xeral do Estado en Galiza, todas elas reclamadas ao Goberno do Estado dende este Parlamento.

Anunciou onte tamén, señor presidente, que mañá vai ser recibido por Mariano Rajoy. Parabéns pola cita. O que non explicou nesta Cámara é para que. Non sabemos se é para que entre vostedes os dous pois decidan a data de disolución desta Cámara, cecais. Tampouco sabemos se leva vostede unha axenda de negociación, se é un encontro bilateral formal para modificar algunha das condicións da relación de Galiza co Estado.

¿Van tratar vostedes das competencias, señor Feijóo? ¿Van resolver as cuestións que están recorridas por este Goberno ante o Tribunal Constitucional, señor presidente? ¿Ou non ten axenda? ¿Vai vostede a ver que lle pide que faga o presidente do Goberno de España? ¿Vai vostede facer unha demostración da súa lealdade? ¿Vai vostede facer unha demostración de que Galiza non vai ser un problema para España?

Modestamente, dende o Grupo do BNG facémolles, propoñémolles algunha das cuestións que nós pensamos que debe

tratar, cuestións da relación bilateral que están pendentes de resolver. Pensamos que debería falar do novo sistema do financiamento, para que Galiza poida manter os seus servizos públicos, universais e de calidade, con ese obxectivo. Non vale calquera outro sistema de financiamento, non vale calquera outro sistema de financiamento.

Debería, señor Feijóo, demandarlle a redución drástica dos gastos militares, e a eliminación dos privilexios fiscais da Igrexa católica, para non ter que repercutir o recorte do déficit nas comunidades autónomas. Ese si que é gasto posible de eliminar sen que haxa unha repercusión directa no benestar da cidadanía.

Debería, señor Feijóo, esixirlle a derogación do Decreto de supresión das primas eólicas, e non resignarse a que as empresas devolvan os megavattios, como vostede mesmo recoñeceu onte que farán, para outro concurso, ¿cando?, ¿no 2020?, ¿que concurso, señor presidente? Sen primas non hai concurso.

Señor presidente, debería esixir reclamar o levantamento do veto á construción civil nos estaleiros públicos de Ferrol. ¿Vai poñer, señor presidente, prazos para o dique flotante que vostede comprometeu en Ferrol? Debería, señor presidente, reclamar prazos para a alternativa ao *tax lease*, reclamar ao Goberno do Estado a esixencia dun sistema transitorio de axudas que impida que a solución definitiva chegue demasiado tarde ás empresas que están neste momento en perigo.

Debería, señor Feijóo, esixir o cumprimento dos compromisos en infraestruturas de comunicación, unha vez anunciado un recorte do 40 % do investimento do ministerio.

¿Está vostede en condicións de garantir que non se repercutirá no investimento en Galiza, que manteremos o investimento do Estado por riba do 8 % do total do Estado?

Debería falar con Rajoy de mellorar o financiamento para a Lei da dependencia ou da creación de novos xulgados de violencia de xénero, como vostedes se comprometeron a facer.

É o Estado quen negocia a relación de Galiza coa Unión Europea, e hai moitas cuestións que están enriba da mesa e

que vostede tamén debería tratar nesa reunión con Mariano Rajoy.

Debería instar ao seu compañeiro de partido a negociar en Europa para Galiza a concreción dos proxectos das redes transeuropeas de transportes que nos afectan. ¿Vaino facer, señor presidente?

Debería negociar co seu compañeiro de partido unha acción favorable a Galiza no novo período de programación dos fondos europeos. ¿Vaino facer?

Debería negociar desde unha posición firme na reforma da PAC, que defenda o equilibrio territorial e as funcións sociais da actividade agraria.

Debería ser capaz de negociar unha posición na política común de pesca que evite a discriminación da frota galega e defenda o mantemento da nosa capacidade produtiva.

Debería, señor Feijóo, defender diante de Rajoy os milleiros de familias galegas que viven o drama das preferentes.

Nos pasados tres anos a frase máis utilizada polo seu grupo nas iniciativas de impulso ao Goberno era: “o Goberno galego instará o Goberno do Estado”. Ben, chegou o momento. Ten vostede aquí unha axenda bilateral ben chea de asuntos de grande importancia. Veremos, co seu voto, co voto do seu grupo a estas propostas de resolución, se mostran co voto esa coherencia da que fixo alarde vostede onte no seu discurso: seguir a esixir ao Goberno do Estado o que se esixía ao pasado Goberno do Estado. Veremos.

Tamén veremos se leva estas cuestións a onde as ten que levar, veremos se as negocia, e tamén veremos –de facelo– cal é o resultado, cal é o seu peso político, cal é o peso político de Galiza, representada por vostede, diante do Goberno do Estado.

Debo recoñecer, señorías, que son vostedes mestres na construción do relato, do que agora se chama a construción do relato. O anuncio de onte da fusión de dous concellos, Cesuras e Oza dos Ríos, foi de verdade digno de estudo nas facultades de ciencias da información, de verdade. Un titular sen arestas, na liña de austeridade: Galicia pioneira en novas actuacións, España tomará exemplo de nós, sairemos do

burato da crise grazas a estas iniciativas... Vamos, unha perfecta manobra de distracción para taparlle a vostede as vergoñas, señor presidente. (*Aplausos.*) Pero, ¿sabe que pasa, señor presidente? Que o rei está espido diante da cidadanía galega.

¿Quere vostede falar en serio de Administración local, de racionalización? Adiante, traballe na comarcalización de servizos, baleire a capacidade de actuación das deputacións provinciais, reclámelle ao Estado a súa eliminación. ¿Austeridade?, si; ¿racionalización?, tamén; ¿consenso?, dende logo; pero tamén planificación, visión do país e actuar polos intereses do país e non polos intereses do partido, señor Feijóo. Iso lle pedimos, iso lle pedimos.

É unha manobra de distracción porque neste debate que pecha a lexislatura non ten vostede un bo titular que ofrecer sobre as cuestións que están na axenda política, non na súa axenda mediática, na axenda política, na axenda das preocupacións reais da cidadanía. Galiza está mal, señor presidente.

Fala vostede do control do déficit e do equilibrio orzamentario, un obxectivo excelente para un contable; pero vostedes non son unha xestoría, son vostedes un Goberno. O equilibrio orzamentario é un instrumento para un Goberno, é un instrumento para actuar, non é un fin en si mesmo, é un instrumento para actuar. Controlan o déficit vostedes, ¿para que?, ¿para controlar o déficit? Teñen vostedes equilibrio orzamentario, ¿para que?, ¿para ter equilibrio orzamentario?

Verá, vostedes presentan un balance equilibrado logrado a custa de endebedarse para cubrir gasto corrente, cunha previsión de recesión inmediata, ningunha estratexia para mellorar os ingresos. Un balance equilibrado a custa de detraer 80 millóns de euros dos salarios efectivos dos empregados públicos. Deberían, señor presidente, ter o mesmo valor para plantexar medidas, igual de temporais, igual de temporais, para recadar máis dos que máis teñen; con eses non teñen tanto valor vostedes.

Por iso propoñemos que volvan atrás unha parte destas medidas, temporais, da Lei 1/2012. E como alternativa propoñemos mellorar os ingresos, cunha reforma, temporal tamén, do sistema tributario que faga máis xusta a carga da crise, rebaixando a 300.000 euros o patrimonio exento e ele-

vando os tipos do treito autonómico do IRPF para rendas superiores a 100.000 euros; que pague máis o que máis ten.

Un balance equilibrado, señor presidente, tampouco é garantía de sostibilidade. Porque vostedes decidiron asumir compromisos a longo prazo, compromisos de moitos millóns de euros fóra do balance, co sistema PFI, fóra de balance. O Consello de Contas advertiulles da carga que supón para xeracións futuras este sistema suicida en época de recesión.

Propoñemos que se teñan en conta esas advertencias do Consello de Contas e que renunciem a este sistema de concesión de obra pública para as infraestruturas sanitarias. ¿Que sucederá, señorías, cando se teña que facer efectivo o canon dos hospitais e non teñan vostedes ingresos? ¿Que sucederá? ¿De onde van recortar para pagar os beneficios das empresas concesionarias? ¿Queren que adiviñemos?

Galiza, señorías, está mal. Goberna vostede un país empobrecido que a súa xestión no Goberno non axudou a recuperar. O señor Puy recoñecía onte recesión para 2012. Medra a pobreza e medra ao mesmo tempo a desigualdade, porque a crise non afecta por igual a todo o mundo. ¿Que medidas propoñen vostedes para afrontar o último ano da lexislatura? Un país empobrecido, paro, desigualdade, ¿que medidas estrela?, ¿que medidas de impacto propoñen vostedes? Refundir dous concellos e tres organismos consultivos. Realmente un impacto, un efecto sobre o paro impresionante, un efecto sobre a actividade económica sen parangón e sobre as necesidades de endebedamento vannos salvar a vida aos galegos. Señores deputados, señoras deputadas, impacto cero das medidas propostas dos problemas do país, impacto cero.

O BNG presenta propostas para mellorar as condicións do endebedamento público e a capacidade de intervenir na xeración de actividade económica. O Goberno debe intervenir na xeración de actividade económica, e tamén no mantemento da calidade dos servizos públicos. E a creación dun instrumento público que poida acudir directamente ás subastas do Banco Central Europeo e financiar adecuadamente as necesidades do sector público galego.

Miren, o BNG non propón a nacionalización da banca, non. Nós non apoiamos o funcionamento do FROB, que no seu día vostedes si apoiaron, iso si que é nacionalización da banca. Non o propón o BNG, fixérono vostedes. Ao BNG o

que nos parece escandaloso e moi difícil de explicarlle á cidadanía é que miles de millóns de euros dos nosos impostos se destinen practicamente a fondo perdido a resolver os problemas que un afán de lucro desmedido creou no sistema financeiro, e que a cambio dese despilfarro non se fagan co control das entidades. Iso é escandaloso. O que nos parece escandaloso ao BNG e difícil de explicar é que os responsables da desfeita estean na súa casa cobrando xubilacións millonarias, e que algúns responsables da desfeita incluso sexan ministros, señorías, e que moi poucos –dende logo, aquí ningún– estean na cadea. (*Aplausos.*) Iso si que nos parece un escándalo, señorías.

O que nos parece escandaloso é que nas dúas últimas subastas do Banco Central Europeo se preste un billón –con b– de euros á banca privada a un tipo do 1 % para que a banca privada, cos nosos impostos, señorías, preste aos estados ao 4 ou ao 5 % para que poidan pagar os servizos públicos. Iso si que é escandaloso, e que os gobernos non fagan nada para evitalo aínda é máis escandaloso. Iso si que é pouco moderno, señorías, iso si que é difícil de explicar, iso si que provoca a indignación.

Galiza está mal, señorías, e a súa receita é a austeridade arbitraria. Preguntaba o señor Feijóo –mágoa que agora se vaia, parece que non lle interesa o que ten que dicir o BNG–, vostede pedíanos aclaracións, dicíanos: pero, a ver, ¿en que quedamos?: ¿gastamos moito?, ¿gastamos pouco?, non se aclaran vostedes.

Pois mire, gastan mal, fundamentalmente gastan mal. Algunhas veces gastan moito. Por exemplo, a nós parécenos moito gasto 2,2 millóns de euros nunha campaña publicitaria para promover o uso dos xenéricos. Parécenos moito gasto, ¿que quere que lle diga?, parécenos pouca austeridade, de verdade. Parécenos pouco gasto o que teñen investido en atención primaria, aí si que nos parece pouco gasto; nalgúns cousas moito, outras cousas pouco. Parécenos que os fondos dedicados ao apoio á normalización do idioma galego pois son pouco, ¿que quere que lle diga? Ou a que haxa medios de comunicación en galego, parécenos pouco gasto. Pero, claro, o que gasta nos concertos educativos con colexios que segregan por sexo iso si nos parece moito gasto.

Resumindo, gastan vostedes mal, priorizan mal os cartos públicos, e nós facemos unha proposta diferente de prioriza-

ción. A súa, a priorización que fixeron, funcionou mal porque non conseguiu sacar da crise a Galiza, porque non conseguiu mellorar as condicións de vida da poboación galega. E por iso entendemos que Galiza precisa outras políticas, políticas que procuren a reactivación da actividade económica.

Non se pode mellorar, señorías, a innovación sen investir en innovación. Vostedes piden milagres, e na xestión política milagres hai poucos, de verdade. Propoñemos a elaboración dun plan de converxencia en I+D+i que en catro anos iguale o gasto medio do Estado, que estableza a situación do noso capital humano das e dos investigadores e que consolide os centros tecnolóxicos galegos, fonte de riqueza que están vostedes estragando.

Galiza está mal, señorías, e o paro é o principal problema do país. Para o BNG non é relevante que estean peor noutros sitios, de verdade. Para o BNG que estean peor noutros sitios non é unha escusa para non actuar. Nós entendemos que non é unha escusa e non consola a ningunha das persoas paradas de Galiza que os funcionarios galegos vivan peor, que ganen menos. Non os consola nin lles resolve ningún problema. Non os consola nin lles resolve ningún problema que se precarice as condicións laborais da xente que si ten traballo, iso non resolve ningún problema. Sen paliativos, señorías, o peor problema de Galiza é o paro; e a Xunta, o Goberno galego, ten a competencia exclusiva nas políticas activas de emprego e deben actuar. Deben actuar, non poden seguir de brazos cruzados botando as culpas aos demais, deben vostedes actuar.

Propoñemos a elaboración dun plan galego de promoción do emprego, con actuacións específicas para mulleres e para mozos e mozas. Actuacións específicas que procuren a creación de emprego digno, a redución da temporalidade, o afloramento da actividade económica non declarada. Iso si que é unha fraude que hai que resolver.

Temos, señorías, un país cun gravísimo problema demográfico, que non mereceu ningunha palabra por parte do presidente da Xunta. As nosas fillas, os nosos fillos, non ven futuro neste país para eles e marchan á emigración. A mocidade mellor preparada da historia de Galiza foxe do país, señorías. As mozas que non marchan teñen poucos incentivos para ser nais, a Rede Madre non soluciona esta problemática, de verdade que non, ¡xa nos gustaría! Mentres outros países

priorizan a captación de talento con políticas de igualdade e de conciliación e promoven o emprego xuvenil, vostedes crúzanse de brazos ante esta fuga de cerebros difícil de recuperar, difícilísima de recuperar, lentísima de recuperar.

Señorías, ¡Galiza está mal! Un sector primario forte é unha garantía fronte á crise, e vostedes están perdendo a oportunidade de afortalar os sectores primarios, de afortalar o noso sector forestal de xeito sostible, de traballar para que o sector lácteo poida sobrevivir con dignidade e dar emprego.

Queremos acreditar no seu vello compromiso, até agora incumprido, de rexenerar as rías. Pedimos unha vez máis a retirada das gaiolas de salmón da ría de Muros-Noia e a substitución do Plan de acuicultura por un plan estratéxico de pesca de baixura e marisqueo que recoñeza a capacidade destas actividades para xerar riqueza e para xerar emprego sostible.

Reclamamos ao señor presidente, de maneira de verdade formal e solemne, que retire os insultos ás mariscadoras que realizou no debate de onte. (*Aplausos.*) Vostedes, señorías, non lles pagan por non traballar, vostedes non lles pagan por non traballar, o seu labor de limpeza das rías fai que aínda sexa hoxe viable a súa rexeneración. Páguenlles o que lles deben, páguelles o que lles deben (*Aplausos.*) e non dean desculpas de malos pagadores.

¡Galiza está mal, señorías! O índice de produción industrial cae e vostedes preocupáanse, pero non se ocupan, e é a súa obriga ocuparse. Os traballadores dos estaleiros de Ferrol denuncian as promesas incumplidas, chegarán mañá a Santiago para reclamar actuacións ao seu Goberno. Pero o señor Feijóo estará con Mariano Rajoy mañá. ¿Terá algunha nova boa para ese sector logo da reunión? ¿Terá algunha boa nova para o sector da automoción que garanta a capacidade produtiva e o emprego das industrias auxiliares, que dan traballo a milleiros de compatriotas do sur de Galicia? Propoñémolle que utilice a lei para defender a produción conserveira galega fronte ás políticas desleais.

Señorías, Galiza está mal. 35.590 persoas esperaban a 30 de decembro por unha intervención cirúrxica, cunha espera media de 83,8 días. E vostedes despilfarran en renovar ordenadores para unhas consultas que non teñen facultativos. E vostedes despilfarran nunha concesión millonaria polo siste-

ma PFI e garántenlle ao tempo poboación adscrita a Povisa. E vostedes recortan en persoal sanitario pero non procuran a dedicación exclusiva. E pechan as gardas nocturnas das farmacias do rural e ameazan con copagos.

Non hai folios nos institutos e hai recortes na calefacción, non hai profesorado abondo para cubrir as necesidades, pero hai ordenadores para os colexios concertados e hai cartos para a subvención á segregación educativa por sexo.

Os servizos públicos, señorías, son competencia directa e exclusiva do Goberno galego. Poden vostedes seleccionar indicadores que lles sexan favorables, incluso poden –non sería a primeira vez– inventar indicadores. Pero a percepción do deterioro da sanidade e da educación, malia os esforzos do persoal, dos profesionais, de manter a calidade do servizo, a percepción do deterioro é xeneralizada entre a cidadanía galega.

Propoñemos medidas variadas de garantías destes servizos, adecuadas á realidade da crise que estamos a sufrir, que sofren as familias galegas, que precisan máis que nunca da eficacia dos servizos públicos. Porque é a eficacia o que percibe a xente, é a eficacia o que valora a xente, ser atendidos en tempo, que lle resolvan os problemas. A eficiencia complementa, señorías, pero non pode substituír a eficacia, non pode substituír a calidade, non pode substituír o carácter público dos servizos.

Non nomeou o presidente na súa intervención o galego, a nosa lingua, a nosa lingua, non a lingua do BNG, a lingua de Galiza, a lingua das galegas e dos galegos, de quen o falamos e tamén de quen non o fala. Unha reivindicación da identidade galega, unha reivindicación do nacionalismo e tamén do galeguismo, que non ten credibilidade sen esta reivindicación. Reclamamos a fin da política da laminación do galego, reclamamos políticas de normalización para evitar a perda da identidade, si, señorías, da identidade, da identidade de ser galego, que onte o presidente reivindicou. Fágaa realidade e elimine as políticas de laminación do galego.

Galiza está mal, señorías. Hai que dicirlle a verdade. De acordo, dixo o presidente, de acordo. É necesario, pero non abonda. Hai que ollar aos ollos da xente para dicirlle a verdade. De acordo. Condición necesaria pero non abonda. Ademais, o Goberno debe resolverlle os problemas, debe

resolverlle os problemas. Iso é o que os converte en Goberno: resolverlle os problemas á xente.

A portavoz do BNG, a señora Pontón, díciálle onte ao señor presidente que a súa acción de goberno –non el persoalmente–, a súa acción de goberno, non ten corazón, que non pensa na xente, que non mira aos problemas da xente, que non se preocupa, que non se ocupa dos problemas da xente. E eu engado que, ademais de non ter corazón, a súa acción de goberno carece de ideas. Carece polo menos de ideas útiles para resolver os problemas das galegas e dos galegos. Carece de iniciativas, carece de alternativas, carece de ilusión, carece de proxecto de país.

E confirmo o mesmo diagnóstico e confirmo a mesma sentenza: son vostedes, señorías, o peor Goberno de Galiza, e o señor Feijóo, o peor presidente da historia de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Bouza.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, quero comezar esta intervención facendo referencia a unha stampa de El Roto publicada nun medio de comunicación nacional hai poucos días. Nela conversan dúas persoas. Unha dille á outra: “detrás dos números hai persoas”. E a outra contéstalle moi vehementemente: “pois que se aparten”. Esta é a mellor metáfora do discurso do señor Feijóo que onte fixo nesta Cámara. As persoas están e teñen que estar no centro da política, os números só son instrumentos para mellorar a vida dos cidadáns. (*Aplausos.*)

Nun momento de crise como o actual os cidadáns deste país esixen respostas. Unha crise que procede dunha concepción política e intelectual determinada, dunha economía financeira desregulada, sen ningunha relación coa economía produtiva, que levou a unha recesión mundial por segunda vez en pouco máis de dous anos. E, o que é máis grave, é que a falla de crecemento e a falla de creación de emprego está condenando a unha parte importante da poboación a situacións de pobreza severa intolerables no mundo occidental desenvolvido.

E cando o señor Feijóo unicamente fala de austeridade, aliñase coa ortodoxia da dereita europea máis dura. E cando contraponen interesadamente políticas de axuste e políticas de crecemento como excluíntes, están defendendo os intereses dos poderosos, non os intereses da xente normal. É preciso axustar nas contas públicas (*Aplausos.*) e controlar o déficit. Ninguén o dubida, é preciso axustar e controlar o déficit. Pero isto non é o principal. O principal son outras cuestións, é medrar e xerar emprego. Despois falaremos de como vai este negociado nesta comunidade autónoma.

É importante abordar reformas estruturais necesarias para crear unha economía fortemente competitiva, é importante apostar pola produtividade e pola innovación e é importante apostar por un modelo social e territorial e medioambientalmente sustentable. Porque o obxectivo fundamental, o obxectivo final da política e dos socialistas, desde logo, é defender a cohesión social.

E non podemos confundir os instrumentos cos fins, porque a igualdade e a xustiza social son o fin fundamental da acción política para nós. Trátase de afrontar a crise dunha maneira colectiva e solidaria e, desde logo, fixéndose fundamentalmente nos que menos teñen.

Os socialistas manifestamos a nosa tolerancia cero cos recortes nos ámbitos sociais e laborais. Defenderémolo nos parlamentos e nos concellos e tamén na rúa, respectando a legalidade, pero tamén na rúa. Porque a rúa é de todos, aínda que á dereita lle custe recoñecelo. A rúa é de todos, é de todos. (*Aplausos.*)

E hai un único instrumento para defender esta xustiza social, un único instrumento: que os que máis teñen paguen máis. Non hai atallos nin hai coartadas, ese é o único instrumento. O demais é demagogia.

E, desde logo, falando de instrumentos financeiros e de instrumentos orzamentarios, asistimos a un debate do estado da Autonomía atípico, a un debate que se fai no ámbito dun orzamento para o ano 2012, aprobado neste Parlamento, absolutamente desconectado da realidade.

Quero recordar un momento o escenario macroeconómico sobre o que se elaborou este orzamento: un crecemento do 1,5 % para España e un crecemento do 1,1 para Galicia. Xa

aquí o Goberno galego recoñecía un *gap*, unha diferenza desfavorable a Galicia, de catro décimas. O ano pasado foron dúas e este ano eles mesmos, vostedes mesmos, recoñecen catro.

Pero o grave desta situación é que o novo escenario macroeconómico de España está xa no -1,7 % do PIB. Iso significa que previsiblemente o escenario macroeconómico de Galicia estará entorno ao -2 % do PIB. Iso significa tres puntos de diferenza do escenario macroeconómico real cos orzamentos do ano 2012. Non valen textualmente para nada, non valen absolutamente para nada. Son un auténtico exercicio de política ficción, porque os ingresos van ser moito menores.

Recordemos que, cos últimos datos do primeiro mes de xaneiro do ano 2012 do flamante Goberno Rajoy, a recadación de impostos directos e indirectos baixou entorno a un 20 %, entorno a un 20 %. Aquilo que vostedes, dunha maneira indigna, chamaban burato e que non era nada máis que unha recadación inferior por mor da crise económica agora xa lle chaman vostedes recesión. Van ter recesión. Lamentablemente para os galegos e para os españois, van ter recesión. E o presidente non foi quen de falar en absoluto da necesaria, da imprescindible modificación destes orzamentos. Polo tanto, máis política ficción. Despois falaremos dalgún outro exercicio de prestidixitación política, sen dúbida.

Estamos no derradeiro debate xeral sobre o estado da Autonomía. E trátase polo tanto de facer un balance, un balance que nos sitúe na comparación entre o discurso político do Partido Popular e do señor Feijóo e a realidade social e económica desta comunidade autónoma, un balance que vaia máis alá dos powerpoint dos conselleiros recorrendo toda a xeografía galega e se fundamente nos datos estatísticos obxectivos.

Vou seguir fundamentalmente nesta intervención o discurso de investidura do señor presidente da Xunta de Galicia, hai exactamente dous anos e catorce meses, o 14 de abril do ano 2009, neste mesmo Parlamento.

A situación obxectiva de Galicia hoxe é que se atopa moito peor que hai dous anos e once meses. Por moito que se retorzan os datos, que se torturen, que se dean de forma parcial e sesgada, a situación hoxe é moito peor que hai dous anos e once meses. E, o que é máis grave, non nos consola que nal-

gúns datos esteamos mellor que España. Estamos menos mellor que España fai ese tempo. Empeoramos a nosa posición relativa.

Empezo coa primeira afirmación solemne á que nos ten moi acostumados o presidente Feijóo: para superar a crise, abordar a superación do momento crítico que a nosa sociedade sofre como consecuencia principal da situación económica. Pois a crise non se superou, afondouse notablemente, e logo veremos os datos que así o apoian.

Só asumindo –e volvo ao señor Feijóo–, só asumindo a realidade, poderá Galicia comezar a percorrer o que vai ser un duro camiño. Efectivamente, a realidade significa unha perda importante no dinamismo medido en termos de produto interior bruto en relación con España. A maior cifra de parados da nosa historia, máis de 274.000; o maior número de ERE da nosa historia no ano 2011, 23.000 traballadores afectados, un 70 % máis que no ano 2010; e, por certo, no ano 2011 medramos un 0,5 %; a ver que nos contan vostedes para o ano 2012, onde se prevé unha caída entre o 1,5 e o 2 %.

E falou tamén o señor Feijóo da necesidade da confianza dos empresarios, que dicía que naquel momento se atopaba en mínimos históricos. Pois non, señor Feijóo, os mínimos históricos son hoxe. Desde entón caeu un 26 %. Esa é a confianza dos empresarios.

Falou vostede tamén do Plan estratéxico da economía galega e do plan de choque. Todos recordamos o plan de choque, aquel –insisto– indigno burato que non era tal e que respondía exclusivamente á caída da recadación fiscal.

E do Plan estratéxico podemos falar algo, desde logo. 2010-2014, horizonte 2020. ¿Cales foron as consecuencias? Medrar cada vez menos que o conxunto de España; concretamente, pasar dun 0,8 % por riba a un -0,2 %. Unha desviación orzamentaria de aproximadamente 3.500 millóns de euros. Un plan estratéxico do que nunca se deu conta neste Parlamento nin é controlado en absoluto polo mesmo. E logo falaremos. Investimentos paralizados. Calendarios adiados *sine die*.

Outro elemento relevante do señor Feijóo: proceder a concentrar nun Igape renovado a xestión e coordinación de

todas as axudas vencelladas ao desenvolvemento empresarial de Galicia. Eu creo que é o paradigma do maior engano ao que se someteu aos cidadáns e, sobre todo, aos empresarios deste país nestes tres anos de goberno.

Porque no Igape, señor Feijóo, o que temos son irregularidades na concesión de subvencións, a detención do seu director e dun subdirector, que ademais beneficiou con varias axudas ao seu cónxuxe; o secretario xeral cesado por un proceso privatizador en favor da Confederación de Empresarios, coa que el mesmo traballara.

E, por certo, tamén dixo vostede, señor Feijóo, que serían relevantes as accións dirixidas á internacionalización das empresas galegas. Efectivamente, 18 millóns de euros á CEG sen concurso, unha auténtica chapuza que obriga á Administración autonómica a seguir pagando alquileres por oficinas que non usa, e un auténtico descrédito da dirección política do Igape diante do tecido empresarial desta comunidade autónoma.

E ademais das cuestións cualitativas, señor presidente, as cuestións cuantitativas. Aqueles créditos BEI do ano 2009 eran 200 millóns de euros, son agora 50 millóns de euros. Lamentamos que o conselleiro de Economía e Industria, que está acostumado a viaxar ao estranxeiro por motivos profesionais, non vaia con máis frecuencia ao Banco Europeo de Inversións.

Outro tema que tocou o señor presidente foi o problema do financiamento das empresas. Dixo que correspondía reforzar o seu compromiso co país a través das caixas de aforros e a través da súa obra social en tempos de crise.

Pois lamentámolo, señor presidente, pero un rotundo fracaso. De garante da súa fusión pasou a estar desaparecido, responsable da perda do sistema financeiro galego, da desaparición da súa obra social, dun proceso de exclusión financeira que afecta a moitos concellos do interior desta comunidade autónoma.

Por non falar desa auditoría exprés de KPMG dun millón de euros. De por que permitiu o pago de indemnizacións millonarias e por que chegamos á situación de que esta é a única comunidade histórica que se queda sen unha entidade financeira propia. Menos do 7 % do valor do banco.

Por certo, señor Feijóo, ¿por que descarta agora pedir avais ao Estado? ¿Por que agora o esquema de protección de activos xa non vale, xa non é útil? ¿Que cambiou, máis alá da cor política da Moncloa? Non cambiou nada, señor Feijóo.

Por certo, no ámbito dos servizos financeiros unha cuestión tamén relacionada coa protección dos consumidores galegos, do que tamén falou no debate de investidura. Agora o balón está en Bruxelas, xa non pode pasar pola Moncloa, porque xa non está alí Zapatero, e polo tanto o balón vai directamente a Bruxelas.

Falou tamén de implicar a universidade galega e de incrementar o número de investigadores en Galicia. Señor Feijóo, ¿de que falaba? Non existe deseño dunha verdadeira carreira investigadora, un recorte de máis de 62 millóns de euros, e o que é máis grave, un recorte nas ideas. O Plan Incite foi dunha maneira sectorial suspendido por este Goberno e a alternativa foi a nada. Foi pasarse a pelota entre as conselleirías de Educación e de Economía e Industria, sen ter un resultado práctico e desde logo coas carreiras investigadoras dos nosos mozos absolutamente truncadas.

Falou tamén do Plan autonómico de emprego para a lexislatura. Por certo, despois dixo que non tiña competencias. ¿En que quedamos? ¿Tiña competencias, e polo tanto ía facer o Plan de emprego para a lexislatura, ou non tiña competencias? O que si tiña é unha redución sistemática dos orzamentos: de 1.060 euros por parado no ano 2008 a 335 euros por parado no ano 2011.

E tamén falou de política tributaria. Dixo que ía baixar o IRPF para incentivar a actividade e o consumo e contribuír a paliar as dificultades económicas de moitas familias, pero non tivo o máis mínimo empacho en aplaudir a rebaixa do IRPF do Goberno central, fundamentado nas clases medias e nas clases baixas. Non sei se ese non incentiva a actividade do consumo e con contribúe a paliar as dificultades económicas de moitas familias.

Tamén dixo que ía reformar o imposto de transmisións patrimoniais e de actos xurídicos documentados, e efectivamente fíxoo: unha suba encuberta pola porta de atrás, sen luz nin taquígrafos, incrementando o 30 % a base de valoración dos bens inmobiliarios.

No caso da loita contra a fraude fiscal, nada de nada. Vén aquí, cóntanos uns datos e o que lle pedimos, e o que pedimos nunha proposta de resolución, é un plan: que saibamos cales son os obxectivos políticos do seu Goberno para loitar contra a fraude fiscal, e por certo que pase polo Parlamento, que algo pase por este Parlamento, que algo pase por este Parlamento.

En termos de sectores produtivos, empezamos polo medio rural. Dixo que ían elaborar un plan estratéxico de urxencia. É verdade que o conselleiro o desmentiu á semana seguinte; dixo que era o mercado o que delimitaba e o que dirixía as políticas agrarias. Polo tanto, conselleiro, pois tardou dous anos e oito meses en prescindir del, pero en todo caso el mesmo dixo que era perfectamente prescindible.

Os datos si que son dramáticos, porque os programas de modernización caeron un 20 %, abandonáronse máis de 2.100 explotacións no medio rural –supoño que resultado do mercado–, e non digamos nada de impulsar iso que vostede dixo: impulsar a recuperación das superficies queimadas. A execución dos plans de desenvolvemento rural quedáronse nun cativo 30 %.

No caso da pesca, exactamente a mesma situación: preservación dos intereses pesqueiros, mantemento da frota comunitaria, pero iso si, a única partida que medra é a destinada a despezamento desa frota, e correlativamente menos emprego e menos ingresos, 1.216 persoas menos figuran na alta do réxime especial do mar.

Na acuicultura tamén falou de facilitar novas instalacións sostibles e xeradoras de emprego. Perderon tamén aquí, por sectorismo, 2.000 postos de traballo e un investimento superior aos 350 millóns de euros.

No caso da industria, dixo que os datos do ano 2009 eran desalentadores. Pois cóntolle os actuais, señor presidente. No índice de produción industrial foi a comunidade galega a segunda onde máis descendeu no ano 2011, un 7,1 %, catro veces a media española; unha caída na ocupación industrial brutal, 35.000 ocupados menos, máis dun terzo da caída da ocupación total, un dato absolutamente atípico en todas as comunidades españolas, porque evidentemente a caída da ocupación se centrou na construción e nos servizos. Aquí non, na industria, que é o eixo vertebrador da actividade eco-

nómica de calquera territorio. E o conselleiro segue mantendo discursos autocompracentes.

Falando de distintos sectores, eu quero recordar un, porque onte falouse aquí moito del, e teño tamén a perfecta metáfora do compromiso co sector naval. A metáfora é a saída pola porta traseira dun hotel en Ferrol, escapando dos traballadores, do conselleiro de Industria e do conselleiro de Presidencia. (*Aplausos*.) Ese é o compromiso co sector naval.

E no caso do sector enerxético, continuamos: recuperar a posición de liderazgo no eido da enerxía eólica. ¡Chapó! ¡Chapó! Eu quero trasladarlle ao presidente ou presidenta dúas copias de dous *Boletíns Oficial do Estado* que llos faga chegar ao presidente da Xunta, porque está claro que a información que lle subministra o conselleiro é inexacta, cando menos.

Non se van producir 14.000 empregos nin 6.000 millóns de euros de inversión. Ese Plan eólico era o conto da leiteira antes da decisión do ministro Soria e é unha auténtica estafa despois desa decisión. Por certo, señor presidente, ¿por que non a recorre no Constitucional? ¿Por que non recorre este real decreto no Constitucional? ¿Ten que ver coa cor do Goberno que hai na Moncloa?

No caso do comercio, exactamente o mesmo. Falou de aprobar con urxencia un programa de medidas para combater os efectos da crise no comercio; pechan vinte comercios cada día nesta comunidade autónoma. Iso si, non hai plan, tamén é certo.

No caso do turismo, a celebración do Ano Santo en 2010 debe converterse nun dos principais instrumentos sobre os que asentar a nosa recuperación económica. No ano 2010 a comunidade autónoma onde máis se incrementou o paro en termos porcentuais foi a Comunidade Autónoma de Galicia. Torture vostede os datos como queira. O maior incremento porcentual do paro no ano 2010, no flamante ano xacobeo, foi en Galicia.

E por certo, parecíanlle escasos os datos do número de viaxeiros e pernoctacións do ano 2009. Pois mire, no ano 2011 estes datos medraron en toda España e diminuíron en Galicia. Por certo, están por debaixo dos do ano 2009. Algo podería e debería de facer.

Da mesma maneira, en temas de infraestruturas de transporte e mobilidade. Falou dun plan de infraestruturas con horizonte de execución 2015. Nin se aprobou legalmente ningún plan, e o que temos é unha paralización xeneralizada e un retraso nas obras de infraestruturas. Temos o vodevil do corredor do Morrazo, un auténtico vodevil se non fora porque hai accidentes moi graves cada pouco tempo.

Temos o sobrecusto de máis de 200 millóns de euros da autovía da Costa da Morte, e temos retrasos absolutamente carentes de explicación na autovía de Pontevedra-Vilagarcía, na vía ártabra, no desdoblamento de Nadelá-Sarria, na vía de alta capacidade do Baixo Miño ou da costa norte.

Temos os mesmos retrasos nas actuacións nas áreas urbanas. E dixo vostede tamén que ía formular, facer unha reformulación total do deseño da AP-9. ¿Saben o único que fixeron en relación coa AP-9, máis alá de vendela hai xa algún tempo? Apoiar a paralización da autovía A-57–A-59. Eu creo que terá algo que ver con non tocarlle ao negocio da concesionaria da AP-9, polo menos a min non se me ocorre outra explicación, aínda que ao mellor a hai.

Tamén dixo vostede que o presuposto de infraestruturas de transporte pasaría do 0,85 ao 1 % do PIB. Tamén aquí se equivocou: está por baixo do 0,5 do PIB.

A caída da licitación –e todos somos conscientes da situación de crise, da situación de dificultades–, a caída da licitación da Xunta de Galicia entre o ano 2008 e o ano 2011 foi dun 78 %. Eu creo que algunha explicación necesitarían os galegos. E non falemos xa –e volvemos de novo á cor da Moncloa– das reclamacións en torno á data do AVE. Do 2015, unha data inescusable, inamovible, que o non cumprimento significaba auténtica paralización da comunidade autónoma, pasamos, con absoluta tranquilidade, ao 2018. Esperamos tamén, señor presidente, que aquí vostede nos diga algo.

En medio ambiente, exactamente o mesmo. Falou de sanear todas as rías, estamos esperando. O que houbo, sen ningunha dúbida, foi unha evolución nun sentido claramente inverso á protección, ambigüidade e discrecionalidade por todos os recunchos posibles, modificando a Lei do solo, introducindo estes temas na Lei de acompañamento dos orzamentos, introducindo estes temas na Lei de industria. Cada vez

que hai unha lei na que haxa unha pequena fenda onde incluír algún mecanismo de desregulación e de falta de control sobre o territorio, sobre o medio ambiente, aí está o Goberno do señor Feijóo.

Tamén dixo que ía desenvolver unha nova estratexia de desenvolvemento sostible. Xa o vimos: máis incineración e máis vertedoiros.

Ata aquí, no ámbito produtivo, fundamentalmente incompetencia. Pero imos falar agora de benestar, porque aquí, ademais de incompetencia, hai ideoloxía, e hai outra cousa moi importante: hai negocio. Aquí hai a combinación das tres cuestións.

En educación, falou vostede dun amplo consenso, un pacto social pola educación. Pois desde logo nós consideramos que houbo un absoluto desprezo polos representantes dos distintos sectores educativos. É igual que miremos para a mesa sectorial, o Observatorio Galego de Convivencia Escolar, o Consello Escolar ou o Consello Galego de Formación Profesional, ata o punto de mentir respecto aos resultados dunha votación na páxina web institucional da Xunta de Galicia, ata ese punto.

Tamén faláron de avanzar na calidade do sistema, pero iso si, con 1.000 profesores menos e con 3.000 alumnos máis, suprimindo o dereito á gratuidade dos libros de texto, primando a financiación do ensino privado, mesmo daqueles colexios que segregan por sexo, o cal nun país occidental moderno e laico é intolerable, intolerable. (*Aplausos.*)

Da mesma maneira, recortes nos comedores e no transporte escolar.

Tamén faláron vostedes de impulsar a reforma da formación profesional. Todos sabemos a dimensión da formación profesional, non só laboral e en termos de capital humano, senón na dimensión social. Hai unha relación entre os niveis de renda familiares e o destino educativo na formación profesional. Pois aquí os recortes das becas para formación en centros de traballo, evidentemente dirixidos a familias de renda baixa, foi dun 50 %. Esta é a dimensión social da Consellería de Educación.

No caso da sanidade, pois algo parecido: reforzar –dixo solemnemente– o noso compromiso coa sanidade pública.

Iso si, 500 millóns de euros de recorte, 300.000 galegos en espera de intervencións cirúrxicas, de primeiras consultas de especialistas ou de probas diagnósticas, unha maquillaxe nas listas de espera, pasando eses 15.000 galegos a unha lista non estrutural que é unha especie de limbo estatístico que ninguén coñece moi ben.

Tamén falou, presidente, da Lei de garantías de prestación e a carteira de servizos do Sergas. Levamos tres anos esperando. E tamén falou de priorizar a atención a pacientes sen diagnóstico. Pero iso si, paralizou o Plan de mellora de atención primaria, o Plan de saúde mental, o Plan de atención integral á muller ou o Plan galego de coidados paliativos.

Tamén dixo vostede: unha política de persoal que impulse a estabilidade laboral. Vímolo perfectamente co último proxecto de lei aprobado neste Parlamento sobre emprego público.

E tamén falou e dixo que ía ser prioritario para o Goberno o Plan de construción e renovación de hospitais e centros de saúde. Efectivamente, o hospital de Vigo, unha concesión a unha empresa privada que levará a pagar durante vinte anos máis de 1.500 millóns de euros. Alguén obterá beneficios aí, porque estou seguro de que o *pull* de empresas que se levaron ese contrato non son ONG, estou seguro de que non son ONG.

Tamén prometeu novos centros de saúde. Onte vimos que eran dous, foi baixando progresivamente o número, creo que dous.

Pero o máis grave de todo isto é o aproveitamento por parte da Consellería de Sanidade de todas as fendas posibles para ir introducindo o copago. Deixar sen cobertura sanitaria ordinaria a persoas sen recursos, inmigrantes que leven menos de seis meses en Galicia, negarse a rexeitar neste Parlamento o copago sanitario —porque vostedes sempre din, cando non hai que votar, que están en contra del, pero cando hai que votar nunca votan, nunca votan para que claramente, explicitamente, se rexeite—, o pago por esa utilización non axeitada da sanidade pública e a eliminación de servizos como as ambulancias e as farmacias do rural.

Eu creo, presidente, que o balance na sanidade galega todos os galegos somos conscientes, e, por certo, dino tamén os médicos, non só o Partido Socialista.

Pasamos á dependencia. Aquí dixo vostede tamén: garantir o pago das prestacións ás que os dependentes galegos teñen dereito. Pois medrou a lista de dependentes en espera un 400 % e hai máis de 60.000 dependentes en espera, e o máis dramático é que eses dependentes van quedar nesa lista de espera durante moito tempo por unha decisión do Goberno Rajoy. E eu estou esperando as manifestacións do presidente Feijóo e da conselleira defendendo esa Lei de dependencia que tan vehementemente lle reclamaban ao Goberno socialista de Zapatero. (*Aplausos.*) Estou esperando que digan algo, algo, pouca cousa, que digan algo, porque ata o de agora non dixeron nada. E tamén falou de desenvolver unha rede de atención primaria á dependencia. Efectivamente, un recorte do 80 % no plan concertado cos municipios eu creo que é a mellor forma de desenvolver unha rede de atención primaria á dependencia.

E o máis grave de todo isto volven ser as persoas, volven ser eses 600.000 galegos que están en risco de exclusión social e de pobreza. E aquí non se aprobou un plan de emerxencia social, pecháronse as oficinas e os equipos de inclusión social, deterioráronse as dotacións na xestión da risga. Un drástico recorte nos programas para os sen teito, indubidablemente os segmentos máis desvalidos da sociedade. É moi fácil recortar aí, non se van manifestar nin están nun sindicato ou nunha asociación; é moi fácil recortar aí, conselleira e presidente. E isto significa un incremento das brechas sociais en Galicia, e pensamos que isto é un drama que nos debería de avergonzar como cidadáns desta comunidade autónoma.

Outro tema: a igualdade. Tamén dixo aquí que estaba comprometido coa participación da muller nos mercados laborais en plena igualdade. Pois bueno, a taxa de paro feminina medrou en Galicia 15 puntos máis que no conxunto de España. E este Goberno e o grupo que o apoia —escoitándoos falar aquí— esqueceron que as mulleres son o 50 % da poboación e, polo tanto, un capital económico irrenunciable nun momento de crise. (*Aplausos.*) Un capital económico irrenunciable nun momento de crise, que vai moito máis alá da RedMadre, porque falando da familia tamén falou o presidente do Proxecto de lei de apoio ás familias galegas, e vimos en que consistiu iso. O primeiro proxecto de lei, proposición de lei neste caso, que veu a este Parlamento: el apoyo a la RedMadre. É verdade que aí estaría pois flotando esa violencia estrutural sobre as embaraza-

das. É verdade que a dereita sempre busca inimigos externos. Noutros momentos era a conspiración xudeomasónica –había que explicalo dalgunha maneira– e agora é unha violencia estrutural que non sabemos exactamente de onde vén. Vén dunha concepción absolutamente retrógrada do papel que a muller ten que desenvolver na economía e na sociedade deste país. *(Aplausos.)*

E no caso da vivenda, dixo vostede tamén que ía propiciar a saída ao mercado do *stock* de vivendas, que se ían adquirir vivendas a prezo taxado, en fin, toda unha batería de medidas. O certo é que os fondos se reduciron á metade e a actuación máis relevante en termos de vivenda deste Goberno foi o convenio de Barreiros para legalizar unha chapuza. *(Aplausos.)* Esa foi exactamente a maior actuación deste Goberno en temas de vivenda. *(Aplausos.)*

E, por último, en cuestións de autogoberno, vostede mentiu. Mentiu cando dixo que presentarían desde o Goberno unha completa iniciativa de reforma do Estatuto de autonomía de Galicia, e deu prazos, e eses prazos non se cumpriron. E cando nós dicíamos que era un instrumento de política económica fundamental, vostede pregouse aos intereses de Génova e bloqueou a reforma do Estatuto de autonomía. E iso está no seu debe, señor presidente, está no seu debe.

Pero tamén dixo que o Parlamento tiña que ter a centralidade da vida política da comunidade autónoma. Pois estaría ben que comparecera vostede e os conselleiros cando a oposición llo pedimos, porque nestes tres anos, nin unha soa vez, *(Aplausos.)* nin unha soa vez, señor presidente. Tramítan por urxencia normas legais importantes, os deputados recibimos contestacións de preguntas que atentan non á dignidade da Cámara senón á intelixencia de quen as contesta. Eu creo que a dignidade do Parlamento é unha cuestión que se fai día a día e que, desde logo, se fai coa cooperación imprescindible do poder executivo, que, desde logo, neste caso este Parlamento non a ten.

E, por último, o tema da lingua. Dixo vostede que promovería proxectos e plans destinados á defensa e pervivencia en liberdade da lingua galega. Parecía que falaba vostede do lince ibérico, parece que era unha especie en vías de extinción. Mire, é un idioma que tiña un Plan de normalización lingüística aprobado por todos os grupos da Cámara e que vostede dinamitou por intereses exclusivamente electorais e

ideolóxicos. *(Aplausos.)* Ese é o diagnóstico da relación do Partido Popular co idioma.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

E ante estes hándicaps, ante estes incumprimentos sistemáticos, desde logo as propostas de resolución que presenta o Grupo Socialista van na liña de corrixir estes déficits. Porque, señor presidente, non se pode enganar a todo o mundo todo o tempo e é imprescindible que pense vostede máis nos galegos e nas galegas que nos números ou que en vostede mesmo. Porque asegúrollo –como dicía a estampa da que falei ao principio–: hai persoas detrás dos números e esas persoas non queren nin deben apartarse. E os socialistas imos estar sempre con eles.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Losada Álvarez.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señor presidente, señores conselleiros, señora conselleira, boa tarde a todos.

Son tan importantes as propostas de resolución para o Partido Socialista para solucionar os problemas de Galicia que non lle dedicaron nin trinta segundos a explicar a esta Cámara en que consisten as propostas dos socialistas para saír da situación que neste momento ten Galicia. *(Aplausos.)* Son importantísimas para solucionar os problemas que temos. *(Aplausos.)*

E mal que lles pese, aínda que non o queiran recoñecer –tam pouco esperamos que vostedes o teñan que recoñecer, en parte é o seu labor como oposición–, pero se quedou algo demostrado aquí, se algo quedou claro neste debate do estado da Autonomía, é que, cando se cumpren tres anos do cambio na Xunta, Galicia ten neste momento un Goberno que ten que responder a máis problemas que nunca, con menos recursos que nunca, na historia de Galicia. Un Goberno que neste

momento é un referente de solvencia e de equilibrio orzamentario en toda España, algo que a vostedes parece que nin lles importa nin lles interesa. Un Goberno que garante os servizos públicos fronte á crise económica, algo que vostedes están negando, mentindo e asustando a cidadanía. E, ademais, un Goberno que non gasta o que non ten, como facían vostedes, e que ademais está pagando o que debe, o que debían vostedes e o que deixaron vostedes de pagar.

E se temos que facer un balance do discurso do presidente –porque aquí parece ser que vostedes escolleron unicamente unha proposta que presentou aquí o presidente da Xunta, porque non estiveron pendentes ou non quixeron estar pendentes do que o presidente da Xunta dicía aquí–, do balance que facía o presidente da Xunta da situación da nosa comunidade autónoma, pois ese balance, ese discurso era un discurso realista.

O presidente da Xunta non veu aquí mentir nin aos galegos nin aos deputados e ás deputadas desta Cámara. É un balance obxectivo da situación actual pola que atravesamos neste momento a nosa comunidade. E, ademais, plantexou propostas de reforma que garanten, no que queda de lexislatura, moitas melloras adicionais. Pero iso a vostedes non lles interesa, iso vostedes óbviando hoxe nesta segunda parte do debate do estado da Autonomía. E fíxoo sen autocompracencias, sen autocompracencias, pero si que fixo unha cousa: poñer en evidencia que as accións desenvolvidas ao longo dos últimos tres anos sitúan a Galicia nunha posición moito mellor que ao resto das comunidades autónomas, algo que a vostedes non lles parece importante.

E estamos ante un Goberno que actúa con responsabilidade, que adopta decisións, que as explica non só neste Parlamento senón ao resto da cidadanía e que, ademais, rende contas e vén aquí render contas no Parlamento de Galicia. Nunca tantas veces veu o Goberno de Galicia render contas a este Parlamento, *(Aplausos.)* nunca, señora Bouza, nunca. Nunca veu un Goberno compartir tantas veces a este Parlamento. *(Aplausos.)*

Porque, miren, para nós non é o mesmo, non sabemos se para vostede é o mesmo. Pero, mire, para nós non é o mesmo pagar que deixar a deber, non é o mesmo. Para nós non é o mesmo ser unha comunidade solvente que ser unha comunidade insolvente, non é o mesmo. Non é o mesmo, señora

Bouza. Para nós non é o mesmo incrementar os servizos sociais, incrementar as infraestruturas sanitarias en época de crise económica que non facer nada en época de bonanza. Dende logo, para nós non é o mesmo; parece ser que para vostede si era o mesmo.

Mire, non sabemos se teñen vostedes claro o que lles pediron os galegos e as galegas hai tres anos. Nós si o temos claro e así o fixemos, co traballo que ao longo destes tres anos levou a cabo o presidente e os conselleiros da Xunta de Galicia. E o que nos pediron os galegos hai tres anos é que foramos un Goberno máis austero, un Goberno máis responsable e un Goberno máis unido. *(Aplausos.)*

Porque, mire, nun momento polo que está pasando a nosa comunidade, de tanta inestabilidade, Galicia necesita un Goberno estable. E fronte a unha oposición que está máis dividida que nunca, Galicia ten un Goberno máis unido que nunca, que non ten que perder o seu tempo en dirimir problemas internos, como facían vostedes. Aplican todo o seu tempo a solucionar os problemas que teñen os galegos e as galegas e ademais que contan co respaldo do grupo maioritario desta Cámara, do Grupo Parlamentario Popular, que apoiou dende o primeiro día este Goberno. Non sei se vostedes poden presumir do mesmo neste momento, nin podían presumir do mesmo cando gobernaban na Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Dubidámolo.

E fronte a unha oposición nun proceso interno de busca de liderado, neste momento temos un Goberno cun liderado moi claro, que, ademais, permite esa situación adoptar medidas e tomar decisións na difícil situación económica e social actual. Pero, miren, vostedes, antes de aportar solucións para solucionar a crise económica na nosa comunidade, o que teñen que facer é solucionar a súa crise interna. Porque un grupo de oposición, un partido, mentres non resolva a súa crise interna, non pode pretender chegar aquí a solucionar os problemas dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

E Galicia afronta mellor a crise económica que outras comunidades, iso é indiscutible. Señorías, é indiscutible, os datos están aí, quéiranlos ver vostedes ou non os queiran ver, quéiranlos recoñecer ou non os queiran recoñecer. E non é triunfalismo, é resultado de algo, non sei se algo que coñecen vostedes, algo, traballo, rigor e seriedade, dende a toma de

posesión do Goberno da Xunta, do Goberno de Alberto Núñez Feijóo. *(Aplausos.)*

E, ademais, Galicia é unha comunidade solvente, pero aos partidos da oposición parece que isto non lles importa, non, non lles importa a solvencia na nosa comunidade. Pois, miren, Galicia volve ser –non este ano– por terceiro ano consecutivo unha das comunidades máis solventes, máis saneadas e que, ademais, fronte a esta situación, está garantindo os servizos públicos fundamentais na nosa sociedade. Pese a contar cun nivel de ingresos similar ao do ano 2005, conseguimos ter case a metade de déficit que o resto das autonomías. Pese a contar cun nivel de ingresos de 500 millóns de euros menos que no 2010, Galicia conseguiu reducir o déficit público en 300 millóns de euros, pasando do 2,3 ao 1,6 % do PIB.

E miren, a solvencia non é unha obsesión, desengáñense: a solvencia é unha responsabilidade política e a solvencia responde ao sentido común, sentido común que ten este Goberno e que mellor nos iría a todos os galegos e as galegas se vostedes tivesen aplicado un pouco de sentido común durante os catro anos que vostedes foron responsables de elevar as rendas da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

E con estes datos económicos hai outro dato positivo a destacar. Galicia conseguiu estes resultados blindando os servizos públicos esenciais, algo que para nós –os da dereita máis rancia– nos parece fundamental. E agora compararemos para os da esquerda, que defenden os servizos sociais, por que non é tan fundamental. Porque, miren, nós témolo claro, vostedes non o tiñan claro. O paso fundamental e prioritario para recuperar, primeiro, o crecemento económico, e, segundo, garantir o estado de benestar, é asegurar a solvencia das comunidades autónomas. Sen solvencia, non recuperamos a economía, sen solvencia non podemos prestar servizos públicos básicos.

Polo tanto, en trinta anos da historia da comunidade nunca, nunca un Goberno dedicou tanto peso presupostario aos servizos sociais. E, ademais, este Goberno da Xunta, da Xunta do Partido Popular, ten un compromiso claro coa sanidade pública, e todo a pesar da crise. O esforzo que este Goberno está facendo por apostar, a pesar da crise, polas infraestruturas sanitarias en Galicia dende logo hai que recoñecelo.

Porque, miren –empezamos–, Hospital de Lugo; buscamos financiamento para concluílo e equipalo, máis de 30

millóns de euros para equipalo. A ampliación do Hospital da Coruña, 23.000 metros cadrados máis. Hospital de Ourense, 135 metros cadrados para ampliación, para consolidar o hospital do futuro, 55 millóns de euros. Novo Hospital de Vigo, estase construíndo a máis grande infraestrutura sanitaria de España, en plena crise económica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E miren, poderíamos traer aquí o que fixeron vostedes polo Hospital de Vigo, a fotografía das maquetas. Pero sabemos que vostedes coñecen perfectamente de memoria as maquetas do Hospital de Vigo. En vez de traerlles unha foto da maqueta do Hospital de Vigo, o que lles traemos é unha foto de como está neste momento a construción do Hospital de Vigo. *(Aplausos.)* Para que veñan aquí dicir que este Goberno non aposta pola sanidade pública. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Quen aposta pola sanidade pública, señorías, quen? ¿A esquerda? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* ¿É a esquerda a que defende a sanidade pública en Galicia?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Perdoe un momento, señora Rodríguez Arias.

Escoitouse con respecto a todos os portavoces. No Parlamento a base é saber falar e saber encaixar tamén, ¡eh!

Prosiga, señora Rodríguez Arias. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: E onte discutiuse nesta Cámara, tachouse a este Goberno de mentireiro cando se fala de centros sanitarios construídos.

E hoxe a min gustaríame aquí recordar os datos dos centros de saúde construídos, dos centros de saúde rematados e postos en marcha. No 2009 –tomen nota, por favor–: A Merca, Toén, A Parda, Cotobade. No 2010: Carballedo, Oleiros, Ortigueira, Entrimo, Vilar de Santos, Sanxenxo. No 2011: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vilamaior –escoite, porque despois cre que a Xunta non abre centros de saúde–, Coristanco, Novo Mesoio, Sarria, Oroso. *(Murmurios.)* No 2012: Vilamartín, San Paio de Navia. Obras rematadas no 2010: Cambre, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Padrón, Vigo, Valga, Carballeda de Avia, Vilaboa, Crecente, Tomiño.

Estes son os datos, abandonen a demagogia. Se queren, falen coa conselleira de Sanidade, que lles organiza un día unha excursión para ir ver todos os centros de saúde en Galicia, (*Aplausos.*) pero deixen de mentir, deixen de mentir. (*Murmurios.*)

Señorías, en plena crise económica Galicia conta con máis hospitais públicos, máis centros de saúde, máis servizos e menos listas de espera, e todo isto xestionando moito mellor os recursos dos galegos, aforrando 300.000 euros diarios en medicamentos. Porque quedou claro que hai dúas formas de xestionar, e quedou claro que hai dúas formas de defender a sanidade pública: a fórmula do Goberno do Partido Popular e do presidente Feijóo, que é pagar as facturas ao Sergas, facer máis hospitais públicos que nunca, máis intervencións cirúrxicas en xornada ordinaria, reducindo máis da metade a espera dos pacientes máis graves; e hai outra forma moi distinta, que é a que están aplicando vostedes para defender a sanidade pública.

O único que fixeron nos últimos tres anos —xa non falamos dos catro anos de bipartito, porque está prohibido neste Parlamento falar dos catro anos de bipartito—, o único que aportou para mellorar a sanidade pública galega o partido da oposición, neste caso o Partido Socialista, ¿que foi? Unha campaña de desprestixio da sanidade pública galega, unha campaña de desprestixio. (*Aplausos.*)

Atrévéronse vostedes a mentir a toda a cidadanía, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a mentir a toda a cidadanía, dicíndolle que o Goberno do Partido Popular quería cobrarnos por ir ao médico a todos os galegos. E non quedaron aí. Sacaron un panfleto onde dicían que, por unha consulta, 67,22 euros; un día de hospitalización, 513 euros; unha consulta de urxencias, 206 euros; un servizo de ambulancias, 374; unha ecografía, 336. Só nos falta dicir, só nos falta dicir, señorías: enganar á cidadanía para o Partido Socialista non ten prezo, non ten prezo enganar á cidadanía para o Partido Socialista, non ten prezo. (*Aplausos.*)

Pero miren, a pesar destas campañas fraudulentas, non se preocupen, que este Goberno, que si que cre na sanidade pública, vai seguir defendendo a sanidade pública.

Porque neste momento, que todos podemos ler e ver e escoitar nos medios de comunicación titulares do que está pasan-

do noutras comunidades autónomas de servizos de saúde que están pechando, de ambulatorios que están pechando, de que non se lles paga a paga extra aos profesionais sanitarios, de que se pechan os hospitais, pero ¿leron vostedes nalgún medio de comunicación que o Goberno da Xunta de Galicia ten pechado algún hospital, ten pechado algún centro de día (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) e ten recortado algún servizo nalgún centro sanitario?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señorías, señorías, respecto a quen está falando, o mesmo que pasou antes.

Prosiga.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Polo tanto, deixen de asustar á cidadanía, deixen de enganar, deixen de levar a cabo campañas fraudulentas. Porque miren, os que agora din que defenden a sanidade pública, o día de mañá darán as grazas a este Goberno, porque grazas a que neste momento si se aposta e si se defende a sanidade pública, se vai manter o sistema e non vai pasar o que está pasando noutras comunidades autónomas.

E falemos de persoas, porque aquí se nomean as persoas, pero só damos datos económicos, señor Losada. Detrás das persoas hai números. Por suposto, agora e sempre. Agora é cando tiñan vostedes a todos os dependentes en Galicia sen atender, agora é cando vostedes non abrían nin un centro de día en Galicia.

E miren, nun contexto de restricións económicas, cun presuposto similar ao do 2006, incrementouse en máis de 5.500 prazas en servizos sociais, o que supón un 38 % máis que as prazas que abriu o bipartito. E abriunas este Goberno da dereita que non defende os servizos sociais, que non defende as persoas e que non está interesado en mellorar a calidade do benestar.

Máis de 2.100 prazas públicas en escolas infantís, máis de 2.700 prazas públicas en centros de atención a maiores, máis de 580 prazas para persoas con discapacidade.

E ese Goberno insensible, ese presidente sen corazón, ese conselleiro sen alma, eses, ese Goberno o único que fixo é, primeiro, non facer negocio cos servizos sociais, (*Murmurios.*) non facer negocio cos servizos sociais. Outro Goberno

si fixo negocio cos servizos sociais cando gobernaba a Xunta de Galicia e cando eran os responsables da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Este Goberno non fai negocio con empresas amigas cos servizos sociais. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, o que tampouco fai este Goberno para defender os servizos públicos é gastar os cartos da dependencia en campañas publicitarias para maior gloria do verdadeiro Dorian Gray. Ese si que facía campañas de publicidade cos cartos, co diñeiro para atender ás persoas dependentes en Galicia.

E o que tampouco fai este Goberno, cando vostedes o acusan de utilizar mal os fondos públicos galegos, pero ¡imos ver!, que hai tres anos que vostedes deixaron a Xunta, que non hai tanto, non hai trinta anos que vostedes non gobernan en Galicia. Que todos recordamos, *(Murmurios.)* todos recordamos onde gastaban vostedes os cartos. Se todos o recordamos, sabemos quen gastaba os cartos nas oficinas do exterior, sabemos que delegadas cobraban máis que o presidente da Xunta, sabemos canto se gastou nesas viaxes, neses gorros, nesas excursións dos maiores. Sabémolo perfectamente, señorías, sabémolo perfectamente.

E vostedes déronlle contratos por valor de 1,1 millóns a unha empresa amiga, cartos para servizos sociais.

E cando falan vostedes de privatización, que levan con esa cantinela que é tan insolvente como cansina, tan insolvente como cansina, cando levan coa cantinela da privatización dos servizos sociais, habería que recordarlles que o que vostedes practicaron logo non lle poden acusar a este presidente, a estes conselleiros, de utilizalo. Que hai unha lei en Galicia, que se aprobou no 2008, que non era presidente o señor Núñez Feijóo, que era presidente un señor, o señor Touriño, e vostedes aprobaron unha lei, a Lei de servizos sociais de Galicia, que abría unha nova porta á prestación dos servizos sociais, falaba de xestión directa e de xestión indirecta. E a Xunta de Galicia si utilizou a xestión indirecta durante a etapa do bipartito.

¿Cal é a diferenza? Que a esquerda pode utilizar a xestión indirecta, e iso chámase cooperación intelixente; se é o Partido Popular quen utiliza a xestión indirecta, entón están desmantelando, privatizando e acabando cos servizos sociais e co estado do benestar. *(Aplausos.)* E iso é unha hipocrisía, unha hipocrisía.

E tamén nos preguntamos: ¿por que o poden facer os concellos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego e non o pode facer a Xunta de Galicia? ¿Cal é a diferenza? ¿Por que o podía facer a Xunta do bipartito e non o pode facer a Xunta do Partido Popular?

Porque miren, hai un dato moi interesante. Nas escolas infantís, que están xestionadas de forma indirecta ou privatizadas, como vostedes queiran chamarlle, o 62 % das escolas infantís que teñen xestión indirecta, están gobernados eses concellos polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, vostedes o único que están facendo é dando leccións de hipocrisía. E este Goberno é un Goberno comprometido coa educación pública. Aquí moito se criticou o compromiso deste Goberno coa educación pública.

Miren, nós témolo claro. A mellor medida que vai tomar o Executivo galego para garantir as prestacións dos servizos básicos é unha fórmula, que é pagalos, é pagalos. Algo que é fundamental para prestar servizos básicos de calidade.

E mentres a maioría das autonomías discuten como pagar as nóminas, Galicia incrementou en 6.000 prazas os comedores escolares, en 5.000 prazas na FP, en 31.500 ordenadores á disposición dos alumnos do ensino público e en máis de 41.000 rapaces con acceso a estudo dunha terceira lingua. Por certo, reduciuse o fracaso nun 3 %, o fracaso escolar. E preguntámonos: ¿algo terá que ver o Goberno do Partido Popular?, porque como vostedes critican tanto as actuacións do Goberno do Partido Popular... Por certo, volvo repetir os datos: vostedes incrementaron máis os concertos co ensino privado, vostedes incrementaron máis os concertos coa sanidade privada. Polo tanto, é un exercicio de hipocrisía vir aquí con determinados discursos que ao final non son cribles e non os asumen nin sequera por parte de vostedes.

E falemos da dependencia, señor Losada, falemos de persoas. Mire, ¿sabe cantas persoas estaban atendidas cando chegou ao Goberno o Partido Popular, á Xunta de Galicia? Pois mire, o dato se quere, se non o ten, doullo eu: 14.000 persoas atendidas. ¿Sabe cantas persoas hai atendidas neste momento? Máis de 55.000. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bote vostede a conta, bote vostede a conta. Multiplique cantas persoas máis están atendidas neste momento pola Xunta de Galicia.

E non só iso, porque as persoas aténdense con cartos e con orzamento. ¿Sabe vostede o orzamento que dedicaban para dependencia? ¿Sábeo? ¿Sabe canto se dedica á dependencia neste ano nos orzamentos da Xunta de Galicia? Pois mire, 361,7 millóns de euros, dous millóns máis que no 2011; 4 millóns máis que no 2010. E xa non lle dou o dato do que dedicaban vostedes á dependencia, porque igual vostede (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) queda pois postergado por este dado. (*Murmurios.*)

Os defensores do público. Os defensores do público cando gobernaban na Xunta de Galicia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non son eu, señor Losada, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non son eu, señor Losada...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Gallego, señor Gallego, por favor.

Prosiga.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Non son eu, señor Losada –nin ninguén do Partido Popular–, quen acuse ao Bloque Nacionalista Galego de utilizar os servizos sociais para crear unha rede clientelar e enchufar aos seus amigos. Non vou ser eu, non vou ser eu. E non vou ser eu quen diga que o Bloque Nacionalista Galego, cando gobernaba, non aplicaba a dependencia. E que tivo que vir Touriño a dar un golpe na mesa e dicirlle ao señor Quintana: aplique a Lei da dependencia dunha santa vez.

Pero mire, nós xa lle falamos bastante do que foi a súa defensa da dependencia.

E mire, señor Losada, non se confunda. Este grupo parlamentario trouxo a esta Cámara multitude de iniciativas reclamándolle ao Goberno do señor Zapatero que lle pagara a Galicia o que lle debía, que lle corresponde por lei, da Lei da dependencia. Vostedes nunca aprobaron unha iniciativa, nunca xamais en oito anos que gobernou o Partido Socialista, para que Galicia contara cos cartos necesarios para a Lei da dependencia. E ¿saben que fan vostedes agora? Presentar unha proposta de resolución para que agora, en menos de cen días (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*),

lle recordemos ao señor Rajoy que ten que pagar o 50 % de Galicia. (*Aplausos.*)

E miren, se queren falamos de emprego. Non fai falta que nos recorde que o peor problema de Galicia é o paro. Xa o sabemos, sabémolo perfectamente, pero tamén sabemos que os datos do paro, aínda que non son positivos, crecen en Galicia a metade que en España, e tamén sabemos que Galicia mantén a súa taxa de paro en parámetros inferiores ao Estado, pero tamén sabemos da aposta deste Goberno polo diálogo social, tamén sabemos dos 29 acordos que se acadaron, e a vostedes parécelle que iso é *pecata minuta*.

Miren, acordos que se centraron en eidos como a economía, como servizos sociais, como sectores estratéxicos, como medidas de carácter laboral, para colectivos desfavorecidos, menores de 30 anos, parados de larga duración, programas de formación, programas mixtos de formación e emprego. Repasen, por favor, repasen os 29 acordos do diálogo social, porque se darán conta de que o paro neste momento é o problema máis importante para o Goberno da Xunta. E falamos da reforma laboral, porque veñen aquí criticar a reforma laboral dun Goberno que aínda non leva nin cen días gobernando.

E miren, vostedes, ¡eh!, que deixaron os parados que deixaron en España e agora están en contra da reforma laboral, vostedes, que aprobaron cinco reformas laborais, cinco, porque parece ser que esta é a primeira reforma laboral que se aproba na historia de España, cinco reformas laborais, o único que fixeron é incrementar o paro; cantas máis reformas aprobara o Goberno socialista, máis parados había no noso país. Polo tanto, miren, as súas reformas non funcionaron e neste momento era necesario.

Ademais, ocultaron vostedes ata o último momento o burato de 25.000 millóns de euros, que queren agora protestar polas súas consecuencias. Os culpables do déficit, os culpables da crise, os culpables dos parados, neste momento non recoñecen absolutamente ningunha culpa pola súa parte. Pero bueno, quedanos Borrell e quedanos Bono, que penso que son socialistas tamén. Borrell: “Desgraciadamente ha sido el Partido Popular quien baja el sueldo a los banqueros. Algunas de las cosas que ha hecho el Partido Popular yo lamento que no las haya hecho antes el Gobierno socialista, por qué no decirlo” (*Aplausos.*), “por qué no reconocerlo”. E ademais Bono –outro socialista importante para vostedes–,

Bono despídese lamentando que o PSOE non tomara medidas que está realizando o Partido Popular. Parece que o Partido Socialista de Galicia non opina o mesmo que estes líderes do Partido Socialista. Ao mellor teñen que facerlle caso a Rubalcaba, que lle dixo ao señor Vázquez que traballara máis. Póñanse a traballar e empecen a traballar. Pero miren, non traballen por vostedes, (*Aplausos.*) traballen por Galicia.

E remato, señorías, insistindo en que presentamos 48 propostas de resolución, propostas de resolución que recollen as principais propostas feitas polo presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de onte, propostas para poñer en marcha cuestións relacionadas co ámbito económico, co ámbito produtivo, co ámbito social, onde hai medidas dirixidas ao control do gasto na Administración galega, compromisos coa estabilidade orzamentaria, compromisos para pagar aos provedores en corenta e cinco días, compromisos para a loita contra a fraude fiscal, compromisos para a rebaixa dos soldos dos directivos do sector público, compromisos para a supresión dos vicevaldeiros e a integración nun único ente do Consello Galego da Competencia, do Instituto Galego de Consumo, así tamén como a fusión do Consello de Economía Social e o Consello Galego de Relacións Laborais. Medidas para a fusión voluntaria entre concellos, que parece ser que lles impactou moitísimo esta medida, esta proposta anunciada polo presidente da Xunta de Galicia. E, ademais, medidas para incrementar o tramo galego de imposto sobre a renda, porque miren, fronte á demanda que formularon vostedes hoxe polos grupos da oposición, o Grupo Popular, seguindo a liña marcada tamén polo propio presidente, e polo Goberno de Galicia, avoga por baixar os impostos para fomentar o emprego, para facilitar a posta en marcha de iniciativas empresariais, por parte dos emprendedores, e para iso presentamos varias propostas de resolución.

O que nos chama a atención é que sexa a esquerda a que quere que se lles suban os impostos aos galegos, e o que nos chama a atención é que neste momento critiquen o Goberno do Partido Popular por levar a cabo iniciativas que avogan por baixar os impostos para fomentar emprego e para fomentar iniciativas empresariais.

E presentamos tamén propostas de resolución para apoiar os sectores produtivos galegos. Propostas como o apoio ao sector estaleiro galego. Propostas como a solicitude ao Goberno central para que estableza un marco retributivo para a

enerxía eólica. Propostas para o sector agropecuario. Propostas para manter a mellora dos servizos públicos, tanto no ámbito sanitario, no ámbito social, como no ámbito da sanidade e da educación. Propostas en materia de servizos sociais, incrementar aínda máis as prazas, as prazas en escolas infantís, as prazas en centros de día, as prazas en centros para persoas maiores. Propostas en materia de educación, para mellorar a calidade do ensino. Propostas e compromisos firmes, con datas, de infraestruturas, para presentar neste ano un proxecto de lei de estradas, para solicitar ao Goberno central o remate da autovía do Cantábrico en 2013, a finalización da autovía Lugo-Santiago, a ampliación da autoestrada do Atlántico, o inicio das obras da autovía Vigo-Pontevedra e Lugo-Ourense, tamén a demanda ao Goberno do Estado da execución das obras de saneamento declaradas de interese xeral polo Estado, o saneamento integral das rías, a continuidade dos traballos das infraestruturas ferroviarias pendentes en Galicia, especialmente o remate do eixo atlántico entre Vigo, Pontevedra e Santiago, a conexión de Galicia coa Meseta, e así 47 propostas de resolución feitas polo presidente da Xunta de Galicia,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS:... despois de demostrar que en tres anos traballaron con rigor e traballaron para solucionar os problemas de Galicia.

Teñen unha oportunidade perfecta para demostrar o que lles interesan os cidadáns e o que lles preocupan os problemas de Galicia. Este Goberno demostrouno durante tres anos, esperamos que agora vostedes o demostren tamén.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Como é tradicional, suspendemos por un tempo máximo de quince minutos.

Suspéndese a sesión ás dezanove horas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás vinte e unha horas da noite.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Reanudamos a sesión.

Comezamos coa rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas.

En primeiro lugar, ten a palabra a representante, a portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Bouza.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, presidente.

Boas noites, señorías.

Efectivamente, non é o mesmo pagar que deixar a deber, igual que non é o mesmo vir responder que respostar. E se algo que non fai o Goberno é dar resposta ás preguntas que lle facemos. Pero iso sería irrelevante, o problema é que vostedes non dan respostas ás demandas que lles fai a cidadanía galega.

Está claro, señora Rodríguez Arias, que vostede está orgullosa da acción do Goberno e do presidente, ¡só faltaría!, están vostedes dándolle apoio e ten todo o dereito. Ten todo o dereito a tapar as vergoñas deste Goberno inútil falando de cuestións que non afectan para nada nin aos problemas dos galegos, que non afectan para nada á acción de goberno, que non afectan para nada á cuestión que estamos a tratar aquí. É o seu dereito en que emprega o seu tempo.

É importante a solvencia, claro que si que é importante, pero non pode ser o obxectivo único da acción de goberno. É un instrumento, necesario, imprescindible se vostede quere, concédollo; pero é un instrumento para a acción do Goberno. Solvencia ¿para que? Aínda agora, despois de todo este debate, o BNG non o sabe, ¿solvencia para que? Tampouco vostede respostou, tampouco na negociación respostaron.

Vostede apenas dedicou tempo a defender as súas propostas de resolución. Efectivamente, son difíciles de defender, comprendo que teñen que utilizar diversas cortinas de fume. Menos mal, señora Rodríguez Arias, que aquí está prohibido falar do Goberno anterior, ¡menos mal que está prohibido falar do Goberno anterior!

Entendo tamén que está moito máis cómoda vostede facéndolle oposición á oposición. Ben, leva tres anos facéndoo, está vostede cunha práctica moi impresionante. Pero nós, verá, xa non estamos no Goberno –sábena vostedes perfec-

tamente–, así que creo que non estou na obriga de responder ás súas interpelacións, porque a cidadanía deulles a vostedes, hai xa tres anos, a responsabilidade de gobernar. Non para vir aquí facer chascarrillos, nin pataletas, non para dar a súa opinión sobre o que fixeron outros, o que fan outros noutros sitios. Non, non, déronlles a vostedes a responsabilidade –iso xa o fai Intereconomía, señorías– (*Aplausos.*), déronlles a vostedes a responsabilidade de gobernar, ¡de gobernar!, ¡de resolver problemas!, ¡de anticiparse ás situacións! E vostedes son un Goberno fracasado. Vostedes dixéronlle á cidadanía que ían resolver os problemas de Galiza, e os problemas de Galiza son máis graves agora que hai tres anos, señorías.

Nós somos a oposición e estamos aquí para dicirlle ao señor presidente que non nos gusta a súa acción de goberno, aínda que a vostedes non lles apeteza oílo. Estamos aquí para iso. Estamos aquí para lealmente, lealmente, dicirlles como cremos nós que se debe facer a acción de goberno. Lealmente facer propostas, aínda que non lles guste. Lealmente buscar chegar a acordos, aínda que vostedes non estean dispostos a facelo.

Piden vostedes que se siga a facer o que non dá resultado, piden que sigamos dándolle a Galiza paracetamol cando Galiza está na UCI.

Manifestamos, señoría, agradecemos ao Partido Socialista o voto favorable e a intención de chegar a acordos coas nosas propostas de resolución. Manifestamos desacordo coa Lei 1/2012 e presentamos alternativas. Mantemos a nosa proposta de apoiar a baixada dos salarios dos directivos, a eliminación definitiva do plus de altos cargos. Pero non podemos admitir que se vinculen estas baixadas á rebaixa efectiva dos salarios dos funcionarios, como fan vostedes na súa proposta. E por iso mantemos a nosa proposta de resolución nos termos en que foi presentada.

Acuseinos a vostedes de non manter a súa palabra, de que a súa palabra tiña pouco valor. E acaban vostedes de dar unha mostra de que eu tiña razón. Hai quince días aprobamos por unanimidade unha proposición non de lei sobre o naval de Ferrol, o dique flotante e a carga de traballo, con prazos, con compromisos de prazos, que foi hai quince días aprobada aquí por unanimidade. Hai unha transacción entre o Grupo do PSOE e o BNG que reproduce ese acordo unánime de hai

quince días. ¿De verdade, señorías do Partido Popular, que non van apoiar esta proposta? ¿De verdade que non a van apoiar? ¿De verdade que vai valer tan pouco a súa palabra como para que en quinze días se contradigan? Unha mostra do seu dobre discurso.

A reformulación do sistema de financiación autonómica non pode consistir noutra reforma multilateral, ten que consistir nunha reforma bilateral. Esa é a única fórmula para que realmente se adapte ás necesidades de financiamento que ten Galiza. Precisamos un acordo bilateral que garanta a cobertura dos servizos públicos.

Mantemos tamén a nosa proposta de completar a iniciativa sobre a fusión de concellos coa necesidade de que conleve a eliminación das deputacións, comarcalización de servizos e eliminación das deputacións. Ese debe ser o marco dun proceso de verdadeira racionalización da Administración local.

Mantemos tamén a necesidade de que se derroque o Decreto de eliminación das primas eólicas. Señorías, señor presidente, sen primas non hai paraíso, señor presidente. (*Aplausos.*) Sen primas non hai concurso, señor presidente. (*Aplausos.*) Teñen vostedes que derrogar o decreto que elimina as primas. Non engane vostede a xente prometendo algo que todos sabemos: o paraíso non vai ser.

Este proceso negociador mostrou unha vez máis que, xunto coa falta de novas ideas para resolver os problemas da xente, non teñen nin a máis mínima intención de atender, de escoitar, de atender as propostas do BNG. As chamadas á unidade que vostedes fan pasan sempre pola necesidade de que os grupos da oposición aceptemos políticas fracasadas ou renunciemos a acordos acadados incluso por unanimidade, como no caso do sector naval.

Nada novo baixo o Sol, señorías; nin o Goberno amigo, nin a oposición dividida parece que fagan mellor as súas propostas, parece ser suficiente para que vostedes se comprometan cunha realidade das galegas e dos galegos que precisa dun mellor Goberno. O dito, paracetamol para un país na UCI.

Pois nada máis que dicir, señorías. Isto é o que temos: un Goberno sen corazón e sen ideas e o peor presidente da historia de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Bouza.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Presidente.

Señora Rodríguez Arias, ¿e as persoas, que? ¿Sabe de que persoas falou vostede na súa intervención? Falou de Borrell, de Bono, de Rubalcaba e do secretario xeral do Partido Socialista de Galicia. Estaría ben que falara das persoas, das persoas que están no paro, deses 95.000 ocupados que deixaron de estar ocupados e que non teñen traballo. Tiña que falar, señora Rodríguez Arias, das persoas que vostedes gobernan, non das cuestións internas dos partidos da oposición. O debate do estado da Autonomía de Galicia non é para falar dos partidos da oposición e intentar agochar así as súas miserias.

Mire, tenlle que dicir á Consellería de Sanidade que lle dean informes verídicos. O hospital de Toén está pechado, está pechado, pechado, cunha chave, non hai nada alí dentro. E o centro de saúde de Navia –que vivo ao lado– non está funcionando, señora Rodríguez Arias, salvo que eu veña moi cedo e chegue moi tarde á miña casa; pero, desde logo, cando saio está a escuras e cando chego segue estando a escuras, e alí non hai nin médicos, nin enfermeiras, nin pacientes. (*Aplausos.*) Polo tanto, non nos conte historias, non nos conte historias. (*Aplausos.*)

E tamén falou vostede moito tempo da Lei de dependencia. Mire, a Lei de dependencia é unha decisión dun Goberno socialista, da que os socialistas estamos absolutamente orgullosos. Porque, por certo –si, si, moi orgullosos–, a alternativa era a beneficencia, que é no fondo o que vostedes sempre defenderon, (*Aplausos.*) sempre defenderon, sempre defenderon. E, por certo, púxose en vigor no ano 2006, e é certo que en termos financeiros veu unha crise económica fonda, e é verdade que probablemente o ritmo podería ter sido maior. Pero o certo é que o señor Rajoy acaba de conxelala, e por todas as historias que nos contan aquí, que nos dean cifras, datos, o certo é que quen a implantou –coas dificulta-

des que houbera— foi un Goberno socialista e quen a acaba de meter no conxelador é un Goberno do PP. (*Aplausos.*) E isto é así, gústelle ou non.

E xa que falamos de temas de actualidade, efectivamente, a espuma mediática sempre existiu neste Goberno. Onte asistimos ao paradigma, que é esa macrofusión de concellos, efectivamente, en Galicia; si, si, efectivamente, Oza dos Ríos e Cesuras, efectivamente. Un exemplo claro de despotismo ilustrado, todo por el pueblo pero sin el pueblo, porque os cidadáns deses concellos non sabían literalmente nada. Se esa é unha maneira de gobernar en termos de participación dos cidadáns, pois que veña alguén e que nolo confirme. Non o sabían, ou iso din polo menos cando os entrevistan, presidente; eu non sei, supoño que os dous alcaldes do PP para facerse unha foto con vostede e co presidente da deputación si que o sabían; (*Aplausos.*) os cidadáns de Oza dos Ríos e de Cesuras, non.

E, por certo, falando de temas de actualidade, estaría moi ben, presidente, que mañá lle pregunte ao presidente Rajoy que vai pasar co parador de Muxía. Estaría moi ben que llo preguntara mañá, a el ou ao ministro de Industria e Turismo, e que nolo conte aquí. Tendo en conta que o Parlamento vai ser o centro da vida política, eu estou seguro de que a partir de agora, presidente, aceptarán todas as peticións de comparecencia da oposición. Polo tanto, estaría ben que llo preguntara e nolo conte.

E eu vou ler tres titulares que demostran a fiabilidade do presidente do Goberno galego, do seu correligionario que goberna en España e que lamentablemente teñen a Galicia neste caso —máis alá da situación concreta da que xa falamos—, en termos orzamentarios, nunha situación de absoluta indefinición. Presidente Feijóo: “No tengo dudas de que, si gana Rajoy, se acabará la crisis”, 9 de xullo do ano 2011. Iso si, Rajoy xa dixo, unha vez que era presidente: “Ojalá nuestra situación económica hubiera tocado fondo. No es así”. E agora, para ver a validez financeira dos orzamentos que manexa este Goberno: “El presidente obligará a ayuntamientos y autonomías a revisar a la baja sus cuentas”. É certo que os orzamentos o Goberno de España non os vai presentar ata despois das eleccións andaluzas e asturianas, non vaia ser que perturben un pouco o resultado.

E é certo tamén que o presidente de Galicia non quixo comparecer aquí despois de ter que modificar os seus orzamen-

tos. Porque sabe perfectamente que vai ser unha moi dura modificación á baixa, por máis das historias que nos conte aquí sobre austeridade e sobre cumprimentos de déficit. Porque, efectivamente, o déficit formalmente cúmprese, todos sabemos das... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si, si— todos sabemos desas facturas que se retrasan. Pero ademais, como vostede ben sabe, presidente, que é un experto economista, á parte do déficit, está a débeda pública, efectivamente. E, polo tanto, vostede sabe tamén que é a quinta comunidade máis endebedada de España en termos de débeda pública en relación co produto interior bruto, a quinta.

E os datos de débeda pública no ano 2008 eran 3.823 millóns de euros —os gobernos de Touriño e de Fraga acumulados—, 3.823 millóns de euros. No 2011, 6.971 millóns de euros, o 77 % máis. Por certo, algunha desa débeda pública, presidente, para contratar nun só mes 6 millóns de euros en campañas de publicidade. Se a débeda é para iso, mal vai este país.

E volvemos ao mantra. O mantra é baixar impostos en épocas de crise, porque aumenta a actividade económica e diminúe o desemprego. Saben perfectamente que iso é falso e saben perfectamente... (*O señor presidente da Xunta de Galicia pronuncia palabras que non se perciben.*) Agradeceríalle, presidente, que non me interrompa... (*Aplausos.*) (*Interrupcións.*) Porque saben perfectamente que ese mantra é un mantra falso, que a baixada de impostos prexudica as persoas con rendas máis baixas, efectivamente. (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señorías, un pouco de tranquilidade, que estamos acabando.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*)

Señorías, manteñamos o respecto que hai que manter na Cámara. Polo tanto...

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*)

Señor Losada, prosiga vostede.

Estamos xa rematando.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ben, en todo caso, ese mantra é un mantra falso. Rebaixar impostos en momentos de crise económica significa máis segmentación social e máis pobreza, en Galicia e en todas partes. Non nos conten historias. O que hai que facer, o que hai que facer... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O que hai que facer para reforzar a posición dos investidores, señor presidente, son fundamentalmente tres cousas, tres: confianza, financiación e innovación.

Confianza, desde logo basta con ver o caso do Igape para ver a confianza que poden ter os inversores galegos no Goberno de Galicia. (*Aplausos.*) Eu creo que é o mellor exemplo.

En termos de financiación, señor presidente, todos sabemos o magnífico logro da fusión do sistema financeiro galego. Un resultado fallido, por moito que vostede onte intentara aquí dispersar culpas, contar medias verdades e contar unha historia terxiversada.

Quen fixo as fotos en Monte Pío, quen presentou auditorías millonarias que dicían que a fusión das caixas era o futuro do sistema financeiro galego foi vostede, non fomos os socialistas, foi vostede. (*Aplausos.*)

E, desde logo, en termos de innovación, señor presidente, un desastre, un desastre. E se non, vaia aos centros de investigación de Galicia, vaia aos centros de investigación das universidades, aos propios centros de investigación públicos, aos centros de investigación dos propios hospitais. Pero se todos os investigadores de Galicia se están queixando de que a dotación para proxectos de investigación caeu de maneira estrepitosa, que os investigadores viron absolutamente cortada a súa carreira investigadora.

Pasou unha cousa no seu Goberno, presidente, e diso algo sei, en que todo un ano, toda unha promoción, que rematou a súa carreira en xuño, non tivo acceso a becas de doutoramento. É a primeira vez que ocorre desde o ano 82, a primeira.

E non me mire, señor conselleiro, foi exactamente así, ¡eh!, exactamente así. (*Murmurios.*) Claro, claro, é que... Claro.

Polo tanto, para os inversores, señor presidente, non hai que facer rebaixas simbólicas de impostos para ter un titular. Hai

que crear un clima de confianza empresarial, hai que ter un sistema de financiación axeitado e hai que ter un sistema de innovación vinculado ao tecido produtivo do país.

Por certo, non o digo eu, dino todos os manuais de economía do mundo, todos os manuais de economía do mundo. É verdade que hai algúns manuais de economía da dereita máis reaccionaria que din que baixando impostos se crea riqueza e emprego. E o único que se crea baixando impostos, señor presidente, é pobreza; o único que se crea baixando impostos, señor presidente, é pobreza.

Mire, este Goberno foi capaz de pechar a casa de acollida de enfermos de VIH en Ourense. E non é capaz de esixirlles aos ex directivos das caixas que devolvan as indemnizacións millonarias. Eu creo que Galicia merece algo mellor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señores conselleiros, señor presidente, conselleiras, deputados, deputadas.

Eu entendo que o señor Losada hoxe estea moi nervioso, sobre todo nesta última intervención do debate do estado da Autonomía, último debate do estado da Autonomía desta lexislatura antes das eleccións autonómicas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu entendo que el se poña nervioso porque ten que facer méritos, hai que facer méritos, (*Murmurios.*) pero mire, señor Losada... (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Vázquez, señor Vázquez, hai que saber encaixar, hai que saber encaixar, (*Murmurios.*) hai momentos nos que un se enfronta a un congreso onde ten o apoio da maioría dos delegados, e hai que saber encaixar que outras veces se presenta vostede a un congreso onde non ten practicamente o apoio que tivo no anterior congreso. (*Murmurios.*)

Pero miren, gustárame falar e volver insistirle ao señor Losada e dicirlle: xa lle fixeron unha oferta; xa lle dixo a conselleira de Sanidade que podíamos facer unha excursión e explicarlle onde están cada un dos centros de saúde. (*Mur-*

murios.) Porque mire, non é o mesmo dicir aquí os centros de saúde que están abertos que o que fixeron vostedes, que foi deixarnos unha caixa chea de chaves en man, dun montón de centros de día que logo colliamos a chave e iamos ver onde estaban os centros de día e nunca os atopabamos. (*Murmurios.*)

Mire, este non é o mesmo sistema, non é o mesmo sistema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Os centros de día...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Por favor, señorías.

Por favor, señorías, respecten a quen está no uso da palabra. (*Murmurios.*) É o mínimo, é o mínimo. É o mínimo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Prosiga, señora.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: E logo nos acusan de que o Goberno do Partido Popular, o Goberno do señor Rajoy, o Goberno, que aínda non leva cen días, aínda non cumpríu cen días, quere paralizar a Lei da dependencia, porque non cumpríu o calendario da Lei da dependencia.

Señor Losada, fale coa señora Sestayoy, que lle explique perfectamente cal era o calendario para cumprir a Lei da dependencia, e que lle explique que tramos do calendario se cumpriron en todo o país e, concretamente, en Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora Sestayoy, explíquelles ao señor Losada, porque non coñece o prazo de calendarios da Lei da dependencia.

E logo a voltas coa fusión dos concellos, que non se sabía. Mire, eu non sei se o señor Vázquez sabía ou non sabía o anuncio da fusión deses dous concellos. Pero persoas do Partido Socialista membros dunha candidatura do Partido Socialista nun destes concellos aparece hoxe nunha foto firmando esa fusión.

Polo tanto, señor Vázquez, eu non sei se este concelleiro o apoiou a vostede (*Murmurios.*) nese congreso da fin de semana ou non o apoiou, pero ao mellor hai que saber que é o que saben os concelleiros do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

E, ademais, mire, esta humilde deputada non é quen de darlle ningún consello ao líder do Partido Socialista en Galicia,

non é quen. Pero mire unha cousa, se quere vostede ser o próximo presidente da Xunta de Galicia, que o ten moi complicado, primeiro ten que facer un repaso e visitar todos os concellos de Galicia, sobre todo para distinguir onde está un concello da provincia de Pontevedra, onde está un concello da provincia da Coruña, onde está un concello da provincia de Ourense. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso é fundamental: coñecer onde están os concellos de Galicia.

E miren vostedes, agora critican a baixada de impostos por parte do Goberno da Xunta de Galicia. ¿Pero en que quedamos? ¿Baixar os impostos non era de esquerdas? ¿Agora resulta que critican ao Partido Popular (*Murmurios.*) porque quere baixar os impostos para promocionar o emprego e para poñerlles as cousas fáciles aos emprendedores? Resulta que agora baixar os impostos non é de esquerda, é de dereita.

E o Bloque Nacionalista Galego, erre que erre coa mesma cantinela, acusando ao Partido Popular pois que se Intereconomía, que se a Igrexa, que se a apoiamos... Mire, señora Bouza, eu aínda non coñezo un presidente da Xunta de Galicia do Partido Popular que vaia ás procesións do Corpus debaixo do palio. E hai un señor que foi un líder do Bloque Nacionalista Galego que asistía a todas as procesións do Corpus baixo palio. Entón, aclárense vostedes, se están a favor, se son católicos, se non, se van ás procesións, pero non critiquen (*Aplausos.*) ao Partido Popular polas políticas que están levando a cabo.

E logo, claro, acusan a Xunta de Galicia que non se anticipa, que presumimos de anticiparnos, pero que logo non nos anticipamos. Mire, menos mal, dámoslles as grazas de parte de todos os galegos e as galegas, porque vostedes anticiparon tanto e viron chegar a crise económica tan pronto que tomaron unhas medidas que, grazas a esas medidas de anticipación do Bloque Nacionalista Galego, recibimos unha situación económica saneada e solvente. Moitas grazas, señora Bouza, moitas grazas ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista por prever e anticiparse á crise económica na nosa comunidade. (*Aplausos.*)

Pero a min, antes de rematar, gustárame facer público o resultado dos acordos acadados en relación ás propostas de resolución.

Imos aprobar 24 propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas, e chegamos a unha transacción de 13 propostas de resolución, as 13 aprobadas e transaccionadas, dúas delas por unanimidade.

E gustárame destacar cales foron os acordos que se acadaron hoxe aquí, ao remate do debate do estado da Autonomía.

Unha proposta de resolución para promover solucións aos titulares das participacións preferentes. Algo que nos parece importantísimo, que se saiba que aquí nós estamos con eles e que se saiba que aquí en Galicia se vai buscar unha solución. *(Aplausos.)*

E por unanimidade tamén unha proposta de resolución para dirixirse ao Goberno do Estado para que defenda diante da Unión Europea cara á reforma da PAC no horizonte do 2020, algo que a nós tamén nos parece fundamental.

E outros acordos aos que chegamos, acordos en relación ao financiamento autonómico, en relación ao modelo de financiamento autonómico, que se teñan en contra criterios de distribución que teñan en conta as características especiais que temos na nosa comunidade, que temos en Galicia.

E acordos sobre a reforma da administración territorial. Unha comisión composta por técnicos das administracións locais galegas, da Xunta de Galicia e a proposta das forzas políticas con representación parlamentaria, ¿para que? Para elaborar un informe no que se analicen e avalían as alternativas da reforma da administración territorial galega. E tamén en relación ás áreas metropolitanas.

E tamén en relación a remitir anualmente ao Parlamento un informe sobre o grao de cumprimento dos plans de industrialización derivados do concurso de adxudicación de parques de xeración eólica.

E tamén en relación ao parador de Muxía, señorías, para a súa inmediata execución das obras no parador e o seu desenvolvemento no menor tempo posible.

E tamén en relación á posta en funcionamento da autopista do mar, e tamén en función do plan estratéxico da Cidade da Cultura, o Plan Gaiás.

E tamén para a cooperación coa rexión norte, en relación á telepeaxe nas autoestradas dos países.

Tamén coa comunicación, do servizo público, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, rexeitando a privatización da CRTVG.

E tamén para trasladar ao Goberno de España a necesidade de acometer a modificación da regulación das deputacións, reorientación das súas funcións cara á asistencia aos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Señorías, hai outras propostas de resolución que non podemos aprobar, propostas de resolución que son incoherentes co seu discurso durante estes dous días. Porque vostedes critican a acción da Xunta de Galicia, vostedes critican as medidas postas en marcha polo Goberno do Partido Popular, e logo a maioría das súas propostas de resolución son instar a Xunta de Galicia a que faga o que está facendo. Entenderá que iso nós non o imos apoiar.

E presentan tamén propostas de resolución que nós entendemos que non teñen cabida neste debate.

Para rematar, dicir que se temos que facer un resumo do que foron estes tres anos dende o cambio de Goberno en Galicia, poderíamos resumir como máis solvencia, máis servizos públicos, máis problemas e menos recursos, *(Murmurios.)* Galicia afronta a crise mellor que outras comunidades autónomas, compromiso coa sanidade pública, máis prazas públicas en centros de educación infantil, máis prazas públicas en centros de día, máis prazas públicas en centros para maiores, máis persoas atendidas en relación á Lei da dependencia en Galicia, señorías, máis persoas atendidas.

Vostedes non fixeron os deberes, deixen a este Goberno que faga agora os deberes e que atenda ás persoas que teñen necesidade.

Máis acordos no marco do diálogo social. Repito: estuden vostedes os acordos no marco do diálogo social, son fundamentais.

Un balance de tres anos de cambio en Galicia, un resultado do terceiro e último debate desta lexislatura. Dende logo, o que queda demostrado é que este Goberno está tra-

ballando, que este Goberno é responsable, que é un Goberno que está unido e que é un Goberno que se preocupa polos problemas da cidadanía. E o que quedou demostrado é que neste momento o único que temos nas outras bancadas son dous grupos divididos, dous grupos que durante catro anos,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS:... cando gobernaron, o único que fixeron foi pelexarse entre eles mesmos, que se separaron e se dividiron durante estes tres últimos anos e que agora, ao parecer, volven a lazos de unión, ¿para que? Porque o único que vostedes pretenden é reeditar o Goberno bipartito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero miren, despois do que fixeron vostedes, moito me temo que os galegos e as galegas non van apoiar a ese Goberno bipartito. Porque o Goberno da Xunta de Galicia, o Goberno do Partido Popular, demostrou que está con Galicia...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS:... e demostrou que está cos galegos e coas galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Votación das propostas de resolución

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señorías, imos votar a continuación as propostas de resolución. Pechamos as portas.

En relación coas propostas modificadas e transaccionadas, non imos dar lectura, dado que os grupos son coñecedores de todas as transaccións que se levaron a cabo ao longo do día de hoxe, e por tanto vou tratar de agrupar as propostas tal como me foron comunicadas polos grupos. Imos intentar votar na orde establecida: primeiro, as propostas do Bloque Nacionalista Galego, Socialistas e Popular, e en cada un dos bloques, as transaccións.

Eu pido que estean un pouco atentos porque hai bastantes transaccións e estou segura de que podo trabucarme, pero coa súa axuda espero non facelo.

Comezamos entón coa votación das propostas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, coa votación das transaccións efectuadas. En primeiro lugar, as transaccións entre as propostas número 12 do BNG, número 39 do PSdeG e número 29 do PP.

Votación das transaccións entre as propostas de resolución número 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a número 39 do G. P. dos Socialistas e a número 29 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción por unanimidade.

Votamos a continuación a proposta transaccionada entre a número 78 do BNG, 283 do PSdeG e 38 do PPdeG.

Votación da transacción sobre a proposta número 78 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa número 283 do G. P. dos Socialistas de Galicia e a número 38 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción por unanimidade.

Se lles parece, as transaccións entre o BNG e o PSOE votámolos conxuntamente as catro, ou votamos por separado, como prefiran; eu creo que se poden votar conxuntamente. Entón, votariamos a transacción entre as proposicións números 63 do BNG, a 19 do BNG coa 240 do PSOE, a 218 do PSOE, a 84 do BNG e as 260 e 266 do PSdeG e a 267 do PSOE.

Votación conxunta da transacción entre as propostas de resolución número 63 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a número 19 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa número 240 do G. P. dos Socialistas de Galicia, a número 218 do G. P. dos Socialistas de Galicia, a número 84 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e as números 260 e 266 do G. P. dos Socialistas de Galicia e a número 267 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas transaccións.

Votamos a continuación a proposta de resolución número 5 do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da proposta de resolución número 5 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

En consecuencia, queda aprobada a proposta por unanimidade.

Votamos a continuación as propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego números 3, 6, 7, 9, 14, 15, 17, 38, 39, 52 e 69.

Votación das propostas de resolución números 3, 6, 7, 9, 14, 15, 17, 38, 39, 52 e 69 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 38; abstencións, 24.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votamos a continuación o resto das propostas do BNG que non enumerei ata o momento.

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, comezando polas transaccións que a continuación enumero. En primeiro lugar, votamos a transacción coa proposición 32 do Partido Popular e 83 do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 32 do G. P. Popular de Galicia coa número 83 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción.

Votamos a continuación as seguintes transaccións sobre propostas de resolución do Grupo Socialista: 53, 47, 299, 35, 258, 91 e 242.

¿Si, señora Pontón?

Señor Lobeira, si.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Nese bloque.

A señora PRESIDENTA: Votamos entón as propostas 47, 299, 35, 258, 91 e 242.

Votación das transaccións sobre as propostas de resolución números 47, 299, 35, 258, 91 e 242 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade.

Votamos a continuación, se lle parece ao Bloque Nacionalista Galego, a 54 e a 53, conxuntamente ou por separado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois entón empezamos pola 53.

Votación da proposta de resolución número 53 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votamos a continuación a número 54.

Votación da proposta de resolución número 54 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votamos a continuación as propostas do Grupo Parlamentario Socialista números 3, 9, 42, 43, 44, 49, 59, 69, 77, 88, 134, 160, 162, 163, 186, 199, 254, 267, 269 e 293.

Votación das propostas de resolución números 3, 9, 42, 43, 44, 49, 59, 69, 77, 88, 134, 160, 162, 163, 186, 199, 254, 267, 269 e 293 do G. P. dos Socialistas de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade.

Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Socialista números 30 e 130.

Votación das propostas de resolución números 30 e 130 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas proposicións.

Votamos a continuación a proposta de resolución do Grupo Socialista número 33.

Votación da proposta de resolución número 33 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Socialista números 55, 83, 84 e 76. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, imos anular a votación. Dixen: 55, 83, 84 e 76. ¿84 non? *(Asentimento.)* Pero ¿queren a votación por separado da 84? *(Asentimento.)* ¡Ah, ben! Entón, 55, 83 e 76.

Votación das propostas de resolución números 55, 83 e 76 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 50.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votamos a continuación a número 84.

Votación da proposta de resolución número 84 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Socialista números 28, 52, 53, 58, 61, 82, 116, 128, 135, 168, 185, 284, 250 e 99.

Votación das propostas de resolución números 28, 52, 53, 58, 61, 82, 116, 128, 135, 168, 185, 284, 250 e 99 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 38; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votamos a continuación o resto das propostas de resolución que non foron enumeradas.

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular.

Comezamos pola transacción sobre a proposta de resolución número 27 do Grupo Popular co Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 27 do G. P. Popular de Galicia co G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción.

Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Popular números 4, 7, 21, 23, 25, 46 e 47.

Votación das propostas de resolución números 4, 7, 21, 23, 25, 46 e 47 do G. P. Popular de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votamos a continuación as propostas números 3 e 19.

Votación das propostas de resolución números 3 e 19 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votamos a proposta número 40.

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 24; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votamos as propostas números 2, 10, 13, 14, 16, 17, 18, 20, 24, 26, 28, 43, 45 e 48.

Votación das propostas de resolución números 2, 10, 13, 14, 16, 17, 18, 20, 24, 26, 28, 43, 45 e 48 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 12; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votamos as propostas números 11, 12, 34, 36 e 37.

Votación das propostas de resolución números 11, 12, 34, 36 e 37 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 36.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votamos as propostas números 8 e 9.

Votación das propostas de resolución números 8 e 9 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas por unanimidade.

Votamos a continuación as propostas de resolución números 5, 30, 31 e 42.

Votación das propostas de resolución números 5, 30, 31 e 42 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 36.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

E votamos, por último, o resto das propostas de resolución do Grupo Popular que non estaban...

¿Sí, perdón?

(A señora Caride Estévez pide a palabra.)

Dígame, señora Caride.

Déanlle voz, por favor, ao escano da señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... creo que deberíamos separar a 39.

A señora PRESIDENTA: ¿Perdón?

A señora CARIDE ESTÉVEZ: A 39.

A señora PRESIDENTA: Pois mire, ante a dúbida, separámola e xa está. *(Murmurios.)*

(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Ten toda a razón, está votada, señor, ten toda a razón. *(Murmurios.)*

Non, a primeira transacción que votamos do Grupo Popular era sobre a 27, señor Lobeira.

(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, si, si. Si, si, si, si. 39. Si, si, ten razón o señor Lobeira, a 39 do PSdeG coa 29 do PP e a 12 do BNG. *(Murmurios.)*

Pero aquí está a dicir a señora Caride... *(Interrupcións.)* Por favor, ¿déixanme falar un momento?

Señor Lobeira, vostede refírese á 39 do PSdeG e a señora Caride refírese á 29 do PPdeG.

(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, é ao revés.

(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Lobeira, podemos estar equivocados, pero estivémolo a comprobar. É a 39 do PSdeG e a 29 do PP. ¿Vale?

Entón, se lle parece, de acordo co que pide a señora Caride, votamos a 39 do Partido Popular.

Votación da proposta de resolución número 39 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

E agora, por último, votamos xa o resto das propostas de resolución do Grupo Popular.

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 62; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

A señora PRESIDENTA: Ben, unha vez feitas as votacións e esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Boas noites e moitas grazas.

Remata a sesión ás dez da noite.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25